

© do texto: Olga Nogueira Fernández
© das fotografías: Olga Nogueira, agás a 18 que é da familia Couñago Gallego, a 23 e 24, que son de Ramón Almuinha, a 59 que é de Lorena Rodríguez, a 58, que é de Pelu Vidal e a 68, que é de Fon Conde.

Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Deseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: VG 35-2024

Este libro publícase grazas á subvención dirixida aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, convocada pola Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE
REDONDELA



Servizo de Normalización Lingüística
CONCELLO DE REDONDELA

Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2023

TOPONIMIA DE VENTOSELA

SEGUNDA TOL



OLGA NOGUEIRA



*Quen nomea, posúe.
Se a túa terra perde os seus nomes,
xa non é túa.*

Carlos Baliñas

“A que herda, non compra”

A toponimia é un herdo que nos legaron as nosas devanceiras e devanceiros e, como tal, deberamos cuidala e preservala, como a regalía que é.

San Martiño de Ventosela

Ventosela é unha das trece parroquias do Concello de Redondela. Sitúase na cara interior do Concello, e linda ao Norte cos montes do Viso e Soutomaior, ao Leste con Pazos de Borbén, ao Sur co monte de Reboreda e ao Oeste co monte de Cesantes.

Ventosela, cunha superficie de 8 Km², é parroquia independente desde 1786. Previamente formaba parte da parroquia de Reboreda. Nese ano o bispo de Tui autoriza a creación da nova parroquia de San Martiño de Ventosela, mais mantendo sobre ela todos os privilexios don Xoan Manoel Pereira de Castro Mosquera de Prego de Montaos Soutomaior e Araújo, herdeiro da casa de Reboreda. Previamente, sobre estes terreos tamén mandara o señor de Soutomaior.

Esta nova parroquia é consagrada a San Martiño de Tours (cuxa imaxe podemos contemplar no interior da igrexa, a cabalo, e no exterior, como bispo), aínda que o arquivero Avelino Bouzón apunta que xa había constancia dunha pequena capela desde 1497.

Na descrición que se fai de Ventosela en 1760, no PARES, dise que é unha “tierra áspera, pedregosa y alta”. Segundo o Nomenclátor de Galiza, hai outras cinco Ventoselas, entre as que destaca a de Ribadavia, por ser tamén nome de parroquia, aínda que con distinto patrón (San Paio). Porén, se procuramos Ventoso ou Ventosa, o número de topónimos aumenta a trinta.

Segundo o INE, a 1 de xaneiro de 2022, Ventosela conta con 708 habitantes: 334 homes e 374 mulleres. A parroquia divídese en dous barrios, ambos situados na aba do monte: Castiñeira, algo máis extenso, cara ao leste (na zona interior) e Vilar do Mato, ao oeste (cara á ría), divididos pola igrexa e a estrada que conduce a ela desde Redondela, que fai de lindeiro entre ambos. Porén, a xestión comunitaria faise da parroquia no seu conxunto: así, a Comunidade de Montes, a de Augas e a Cultural son de e para toda a parroquia.

A maiores, na zona da Miñoteira érguese unha Aldea Infantil SOS, xestionada pola familia Regojo, logo de que o Concello de Redondela lles cedese 5 hectáreas do monte veciñal, ademais dunha traída de auga autónoma da parroquia. Naquela altura o monte non estaba recoñecido como comunal e a súa xestión, a falta de restituír a manco-



Mapa de Ventosela.

munidade (non se fixo até o ano 1980), tíñana asumida os concellos.

A economía da parroquia, se ben outrora se centrou nos labores do campo, hoxe en día céntrase no sector secundario e terciario, traballando a maior parte dos veciños e veciñas en fábricas de Redondela e Vigo, fundamentalmente, ou no sector servizos. E aínda que na parroquia chegou a haber pequenos negocios xeradores de traballos directos (carpintarías, aserradeiros, tendas, talleres de costura...), hoxe en día non queda ningún, agás algún traballador/a autónomo/a que realiza o seu labor desde a casa. Mais si contamos con moitos emprendedores/as, con empresarios punteiros nalgúns sectores (nomeadamente no da construción e xestión forestal), así como con destacados/as profesionais en distintos ámbitos: música, teatro, deporte...

Lingüísticamente, Ventosela atópase dentro do bloque occidental do galego (área de Pontevedra: subárea de Redondela - Mondariz) e presenta características como a gheada e o seseo implosivo ou final de palabra. Dicimos “ghato” e “ghaliña”, “lus” (luz) e “rapás” (rapaz). Tamén facemos os plurais das palabras rematadas en -n en -ns: mazán - mazáns. E os das palabras rematadas en -L, en -ES por analoxía co castelán: toxal - toxales. Porén, na toponimia aínda quedan restos do plural etimolóxico que nos correspondería ao bloque centro-occidental, en topónimos como Peizás.

A toponimia de Ventosela é moi antiga, como demostran a abundante presenza da raíz prerromana CAR- (“pedra”) de topónimos como Caramboleira, e COTT- (“lugar algo”) de topónimos como O Cotoño; a presenza de palabras preindoeuropeas coma mato (de Vilar do Mato) ou a presenza do diminutivo -elo/ela (Agrelo, Agrela), que deixou de ser operativo xa na Idade Media, a favor de -iño/-iña.

O topónimo Ventosela deriva do latín VENTOSĒLLA, diminutivo feminino de VENTŌSUS, abundancial de VĚNTU “vento”, e é un topónimo que se refire a lugares altos, onde adoita soprar o vento. Mais non un vento violento, senón un vento moderado.

Monte Pedroso

Ventosela ten moito monte. A Comunidade xestiona 318 hectáreas cuxos lindes soben por Fonte Alta (en Vilar do Mato) até o Laxeal (no linde con Moreira, Concello de Soutomarior). Desde alí segue por Espiñeiro até os Cotes (no alto do monte de Castiñeira, no linde con Amoedo, Concello de Pazos de Borbén) e baixa pola Volta do Alvedosa, polo Coto do Freixo até o Muíño da Ponte (no Cadaval,

parroquia de Reboreda). E logo está o Monte da Miñoteira, no medio da parroquia, que é a zona máis baixa, a 104 metros sobre o nivel do mar, subindo a 425 metros no Alto do Laxeal.

A xestión comunal do noso monte é un herdo suevo: os donos da *Gallaecia* tras a desintegración do Imperio romano. Chegados desde o norte de Europa, os suevos deixáronnos o primeiro reino peninsular e un sistema de propiedade comunitaria que incluía todos os habitantes da aldea, xa que o monte se consideraba un ben común, aínda que a carón das casas, progresivamente, se “acoutasen” parcelas para uso privado.

O monte comunal de Ventosela foi pasto activo para a gandaría da aldea até mediados do século XX. Até entón, o monte era raso, non tiña case árbores, agás algunhas que merecían un nomeamento particular, como O Carballo de Pedro.

Mais a partir do ano 43 o franquismo a través de ICONA usurpou estes usos tradicionais e fixo plantacións de piñeiros (as do noso monte fixéronse a principios dos anos 50) ás que lles puxeron gardas e multas que dificultaron a actividade gandeira tradicional nuns momentos de grande necesidade económica, como aínda lembran os nosos veciños e veciñas de máis idade¹.

O monte comunal non se recuperou até o ano 1980, logo da petición veciñal para restituílo no ano 1979. Desde entón, o monte deu abundantes beneficios en cortas de madeira vendidas para acometer diversas obras de importancia na parroquia, entre as que destaca a construción da Casa da Cultura, na Miñoteira, inaugurada en 2004.

Mais, desde entón, grandes incendios o arrasan de maneira periódica: 2006, 2013, 2017. Macroincendios que nos chegan desde Pazos de Borbén ou desde Soutomaior e que nos deixan unha estampa negra até ben á beira das casas. A xestión dese patrimonio é complexa, e así está sendo a súa ordenación: con parcelas arrendadas a distintas empresas para plantacións de piñeiro e outras nas que se prevé reforestar con frondosas (castiñeiros maiormente) para diversos aproveitamentos.

No monte de Ventosela tamén hai inventariados tres xacementos arqueolóxicos: o máis importante é o dos Petróglifos da Pedreira, mais tamén aparecen inventariados os de Campelo e os do Pedroso (no alto do monte, xa na estrema con Amoedo).

¹ A este respecto pode verse o documental “O monte é noso” de Llorenç Soler, 1978.

En total, un extenso patrimonio comunitario que temos que ser quen de rexenerar, ordenar e cuidar para poder ofrécrllelo nas mellores condicións posibles ás xeracións futuras.

Río Campelo e Río Caramboleiro

En Castiñeira, o único río é o Campelo, afluente do Alvedosa. Segundo Gonzalo Navaza, -ELO/A é un sufixo diminutivo antigo, xa que deixou de usarse a finais da Idade Media. De tal maneira que, se Campelo fose un topónimo recente, tería o sufixo -IÑO: Campiño (topónimo tamén presente na parroquia). En Ventosela, como veremos, temos varios topónimos que usan este sufixo antigo -elo, o que dá conta da antigüidade desas voces.

O río Campelo, en Castiñeira, é máis coñecido como o **Río do Regueiro**. Un regueiro é un curso de auga non moi abundante, menor ca o dun río mais maior ca o dun regato. Seguindo o río, na súa zona máis próxima a Reboreda pasa a chamarse **Río do Muíño**, coincidindo coa proximidade a dous muíños no seu curso que foron propiedade de veciños de Ventosela.

En Vilar do Mato temos o **Río Caramboleiro**, afluente do Pexegueiro. E tamén temos unha corrente de auga, menor cá anterior, denominada **O Regueiriño**, que lle dá nome ao regato e máis á zona da parroquia pola que transcorre. Nos seus cursos atopamos diversas pozas, pozos e fontes das que falaremos máis adiante.

O monte parroquial é coñecido como Monte Pedroso, maiormente, aínda que Espiñeiro é unha denominación constante ao falar da súa franxa máis alta. Ambas son denominacións moi comúns en Galiza e fan referencia á abundancia de pedra, por unha banda, e á presenza de espiños ou espiñeiros, por outra. Como veremos a seguir, os topónimos que se refiren á pedra, nas súas múltiples variantes, ou a diversos tipos de plantas agrestes, son os que máis abundan na toponimia e microtoponimia parroquial.

O monte era fundamental no sistema de subsistencia tradicional. O monte fornecía alimento para os animais e os humanos, así como madeira e pedra para construír as casas e leña para cociñar e quecer. Ademais, o monte adoitaba incluír ríos e regueiros aos que ir lavar e buscar auga para o consumo e as regas. Non era posible a supervivencia sen un monte vivo e activo. De aí que o seu coidado fose vital para a comunidade.

Fontes e pontes

Para a elaboración deste traballo consultáronse primeiramente fontes vivas da parroquia; isto é, veciños e veciñas de avanzada idade aos que tivemos acceso e que nos indicaron, sobre plano, os nomes dos terreos que as súas memorias recordaban. Estas fontes vivas foron consultadas en dúas ocasións: unha primeira ao comezo do estudo e unha segunda ao final do mesmo, logo de incorporadas as voces das fontes bibliográficas, algunhas das cales volveron á súa memoria microtópónimos e nos axudaron a poder localizalos. Infinito agradecemento.

Destacaría deste labor cos veciños e veciñas a reticencia dalgúns, nun primeiro momento, a indicar os nomes dos montes, toxais, coutadas... Atrévome a dicir que había unha dor nese rexeitamento. Incluso non é un atrevemento meu senón unha manifestación constante neles e nelas. Polo feito de que eses terreos que tanto traballaron, e que tantos cartos e esforzos lles custaron aos seus devanceiros, hoxe en día están perdidos para eles/elas, que malamente loitan para que os seus herdeiros e herdeiras atendan, como poidan, os eidos e os terreos máis achegados ás casas.

E digo que hai unha dor porque, se se lles insiste e contan, aí hai unha riqueza inmensa. Porque aí había toxo, había madeira, había mananciais de augas coas que se regaban os cultivos, fontes nas que se recollía auga, aí había alimento para os animais cando estes andaban no monte, aí houbo xogos, aí houbo amores. Ese monte foi parte importante das súas vidas e por iso para eles e elas, o estado no que hoxe se atopa, practicamente

inaccesible e ardendo década si, década tamén, non pode por menos que ser unha dor.

Unha dor que lles fai ocultar os seus nomes debaixo dun “eses xa nada”, “iso está perdido”. Mais a pouco que se insista aí agroman, orgullosos, topónimos e microtopónimos. Agroman como cogomelos tras a chuvía. A ducias. Coa súa beleza poética e profética. Cos seus contos e cantos. Coas súas historias persoais e comunitarias. Que tamén quixemos que tivesen presenza neste traballo. Por iso tamén reproducimos algunhas. Para que esta memoria colectiva se conserven, aínda que namais sexa unha migalliña.

Para este traballo tamén se consultaron as publicacións da toponimia do Concello de Redondela, que poden atoparse na web do Concello. E as da web de Toponimia de Galicia, onde se poden consultar ducias de publicacións. Todas elas nos foron de grande axuda. Especialmente as publicacións de Gonzalo Navaza, Fernando Cabeza Quiles, Xulia Marqués, Cora Represas, María Pol e Iván Sestay. Tamén se consultou o Nomenclátor de Galicia, e diversos dicionarios: nomeadamente o *Diccionario de diccionarios*, o *Dicionário Estraviz* e o *Diccionario da Real Academia Galega* (en adiante RAG).

No tocante ás fontes históricas, consultouse o *Catastro de Ensenada*, de 1752, o PARES (expediente de comprobación de bens rendas e cargos da freguesía de Santa María de Reboareda, efectuada por decreto de decembro de 1760, para o establecemento da contribución) e o *Amillaramento* (pagamento do imposto da Contribución) de Ventosela dos anos 1948-49.

Aínda que todos eles achegaron datos interesantes, o *Amillaramento* resultou fundamental para completar os topónimos aquí descritos. E, aínda que nun principio pensamos en só incluír aqueles topónimos que se repetisen máis dunha vez, ao final decidimos incluílos todos. Por veces, incluso con variantes de escrita: moitas delas motivadas polos rexistradores, ao transcribir a lingua galega oral, e outras, se cadra, pola nosa falta de habilidade á hora de descifrar a caligrafía deles.

Somos conscientes de que moitos destes nomes se cadra só os coñecía e recoñecía a familia propietaria, podendo ser o mesmo terreo renomeado distintamente pola familia colindante. Mais de igual maneira eran topónimos vivos na altura e que achegan información valiosísima de todo tipo. E aínda que moitos hoxe en día non existan como tales ou non poidamos localizalos, pareceunos que merecían tamén figurar. Indicamos nestes casos a fonte cun A, de *Amillaramento*, e a descrición do terreo que nela se ofrece (cando se ofrece), e que xeralmente distinguía entre labradío e monte, con distintas variantes en cada caso.

No caso de estardes interesados en saber máis destes capitais e contribucións, recomendo a consulta deste arquivo que está informatizado e pode atoparse na páxina ATOPO da Deputación de Pontevedra, indicando, no noso caso, “amillaramento” “ventosela” (as comiñas son importantes).

Esta toponimia da parroquia é un exercicio de memoria. Da memoria do que foron quen nos precederon. Porque nos fala dos nosos antepasados/as e do seu modo de vida.

Da consulta do PARES chama a atención a austeridade e a economía de subsistencia que para sobre a descrición dos bens de cada familia. A minuciosa descrición de terreos de regadío e secano. E de como este secano impedía, por exemplo, durante varios meses ao ano a moenda dalgúns muíños (de auga), que só podían realizar o seu labor uns poucos meses. De aí que fose tan importante, toda vez que se aumentaron as terras de cultivo, ter acceso a mananciais de auga (previa compra dos toxais onde nacían ou que tivesen dereito a rega), e a súa canalización e consenso de uso, para que cumprisen o seu labor con eficacia e xustiza.

Tamén nos fala o PARES dos cereais que se cultivaban (hoxe desaparecidos xa dos nosos campos): trigo, liño, centeo... Da existencia de colmeas en cada casa, e do mel como imprescindible complemento alimenticio. Ou da existencia xa do plantío de viñas arredor dos eidos e terreos²: unha característica destacada da nosa paisaxe, e que hoxe en día está en claro retroceso ao facerse cada vez menos viño nas casas da parroquia.



Veigas con viñas arredor.

2 Parece ser que esta característica do cultivo da vide en parras tamén é un herdo suevo.

Aínda que o PARES non recoñece aínda a parroquia de Ventosela, daquela integrada na parroquia de Santa María de Reboreda, si se marcan os lindeiros desta cara o Noroeste no Laxeal e no Camiño da Costa (ambos hoxe en Vilar do Mato).

A respecto dos lindeiros, na consulta do *Amillaramento*, destaca a fluidez que hai nos terreos, tanto nos dos dous barrios da parroquia (hai topónimos que aparecen como de Castiñeira e Vilar do Mato, o que indica que a distinción entre ambos non estaba claramente delimitada) mais tamén entre as parroquias colindantes. Así, hai topónimos que, sendo do Viso, de Amoedo ou de Reboreda, aparecen como de Ventosela. E tamén hai moitas familias de Ventosela que, ademais do capital que posúen na mesma, rexistran terras de labradío e montes nas parroquias veciñas: nomeadamente en Asnelle de Arriba, Asnelle de Abaixo e A Quintana, na estrema de Castiñeira con Reboreda; en Tuimil e A Nogueira, na estrema de Vilar do Mato co Viso ou en Amoedo (Pazos de Borbén).

Evidentemente, moitos destes terreos colindantes poden deberse a heranzas, polo feito de algún dos membros da familia seren desas parroquias veciñas. E, así pensado (teñamos en conta que este documento dá conta dos impostos que había que pagar), o que destacaría sería o feito de que haxa tan poucos. Isto é: que case todos os terreos que describe cada contribuínte se atopa dentro da parroquia. E tendo en conta que, na inmensa maioría dos casos tamén, é o home (o cabeza de familia na altura) o que vai facer a declaración dos bens familiares, o que se está pondo de manifesto é un sistema de alianzas matrimoniais que tampouco supera os lindes parroquiais. Vamos, que moitas de nós só temos que gabear unha ou dúas pólas da árbore familiar para comprobar que vimos de avós e avoas de San Martiño de Ventosela polos catro costados. Con todo o bo e todo o malo (sobre todo se esta práctica se estende no tempo) que isto implica.

Esta endogamia parroquial debíase á pouca mobilidade desta poboación rural. Poucos eran os individuos que emprendían viaxes fóra da súa comarca, e moitos deles case non abandonaban os lindes da parroquia. Como moito, visitaban as parroquias veciñas nos días da festa, ou por visitas parentais, e ían á vila de vez en cando: ás feiras e aos trámites administrativos imprescindibles. Isto, para o traballo que nos ocupa é unha regalía. Porque esta poboación tiña un coñecemento absolutamente preciso deste microcosmos. Cada camiño, cada carrei-

ro, cada pedra, cada outeiro tiña un nome. Unha abundancia, case un exceso, que nos deixa unha información valiosísima e multisemántica.

Xosé Lois Vilar afirma que unha toponimia é un xeolocalizador. E que o que hoxe a nós nos fai a tecnoloxía GPS, hai 150 anos, aos nosos antepasados, facíallelo a toponimia e a microtoponimia. De aí a precisión coa que describían os terreos. Precisión de reloxeiro posta a disposición de xentes que, en 1948-49 tiñan o rural rabiosamente vivo:

Cabadiña da leña, Dos retazos da corte, Dos pousos ou Onde se cargan os carros son nomes de toxais que hoxe nos poden provocar un sorriso. En 1948 eran indicacións precisas que lles permitían, monte a través, e sen axuda do satélite, chegar ao lugar exacto. E levar unha merenda, un recado ou unha axuda.

A división territorial extrema tamén fica evidenciada, con lugares, eidos, folgadas, toxais, coutadas, cavadas... de arriba, de abaixo, do medio, de dentro, de fóra.... Abundando incluso tenros oxímonons como **Arriba do Campo de Abaixo**.

E, por último, unha toponimia é unha descrición dos outros habitantes da terra que nos rodea: dos animais, das plantas. Que nos acompañaron durante milenios e que, se cadra, hoxe xa non están, como é o caso do lobo. E do aproveitamento dos cultivos nas terras. Así, no *Amillamento*, tan recente no tempo desde esta perspectiva, sorprende, por exemplo, a cantidade de pomares que se describían como tales. As mazás como fonte fundamental da alimentación dos nosos devanceiros. Mazás que poderíamos cultivar e consumir todo o ano, como eles facían. Mais, cantos de nós conservamos aínda nos nosos eidos esa riqueza que, se cadra, nos foi legada? Dá para pensar. E, se cadra, dá para (re)plantar.

A continuación procederemos á descrición dos topónimos escollidos, ordenados por barrios: primeiro os de Castiñeira e despois os de Vilar do Mato. Ao final de cada relación, aparecen os topónimos que non nos foi posible localizar. No índice final atópase a relación de todos os topónimos e microtopónimos, ordenados alfabeticamente.

Poderíamos clasificar estes topónimos polas categorías que habitualmente se manexan: orotopónimos (a toponimia que describe os accidentes do terreo), como A Pedreira, A Chan, O Outeiro...; hidrotopónimos, como A lagoa, O regueiro, A poza...; fitotopónimos (os que describen a flora), como Castiñeira, Carballeira, Pereira...;

zootopónimos (os que describen a fauna), como Miñoteira, Moucheiro ou Coto do Graxo; antropónimos (baseados en nomes ou apelidos de persoa), como Eido María, Xan Garrido ou O Eido do Xil; haxiotopónimos (baseados en nomes de santos), como San Martiño ou San Lourenzo; topónimos de asentamentos humanos, como Vilar ou O Pazo, ou topónimos das vías de comunicación, como A ponte, O porto ou os distintos Camiños.

Mais decidimos esta clasificación por barrios e por orde alfabética por considerala a máis áxil para a consulta: tanto por parte dos veciños e veciñas de Ventosela, como por parte de calquera outro interesado/a.

Topónimos de Castiñeira

Abeleiras

Plural de *abeleira* (do latín ABELLANA), a árbore que dá as abelás. Topónimo da zona do Rial, na zona máis baixa, xa chegando á Rúa Alta (Reboreda).

Agrelas, As

(Vid. AGRELAS, en Vilar do Mato)

Almas, As (A)

Normalmente, a aparición deste topónimo está relacionado coa existencia no lugar dun peto de ánimas. Mais este topónimo de Ventosela atópase no monte, o que dificulta, de entrada, esta posible explicación. No dicionario da RAG atopamos, entre outras, as seguintes definicións para *alma* (lat. ANIMA): principio da vida vexetativa e parte máis importante de algo.

As Almas son os toxais que quedan entre Requeixo e O Cotiño (Vilar do Mato).

Alto da Ponte, O

Alto vén do latín ALTU. O **Alto da Ponte** é como se coñece o terreo que vai desde os toxais de Vales ao Río do Muíño, na linde de Castiñeira co Cadaval (Asnelle de Arriba, Reboreda). A ponte á que fai referencia o topónimo é a **Ponte de Xan Garrido** (Vid. PONTE DE XAN GARRIDO), que aínda hoxe permite cruzar o río Alvedosa.

Alto de San Martiño, O

Ao que noutros lugares chamarían A Igrexa, por ser o lugar onde esta se sitúa, en Ventosela coñécese como **O Alto de San Martiño**. É a zona habitada máis alta da parroquia, que comprende, ademais da Igrexa, o grupo de casas que quedan arredor e por enriba dela.

Balaído

Como describe María Pol na *Toponimia de Saxamonde*, este topónimo vén do latín ABELLANA + o sufixo -ETU (esta forma perdería o A inicial e sufriría unha posterior harmonización vocálica), polo que designaría un lugar onde abundan as abeleiras (árbore que dá as abelás). **Balaído** está no Rial (onde tamén temos o topónimo Abeleiras), entre Sobreiro e Os Castiñeiros.

Barcelo, O

Bacelo, e a nosa variante con r *barcelo*, son lugares onde hai ou houbo viña. Esta palabra vén da latina BACILLU - BACELLU, como parte que se lle saca a unha cepa de viña para facer unha nova. Por extensión, tamén se considera un *bacelo* a unha terra onde hai ou onde houbo viña.

O **Barcelo** está a carón das Viñiñas. E, entre nós, un *bacelo* ou *barcelo* é case o mesmo ca un *ladrón*: unha póla que lle sae a unha planta no tronco. Mais a diferenza está en que o *ladrón* hai que eliminalo porque só serve para chuparlle saiba á planta; mais o *bacelo*, que normalmente está máis baixo e ten algo de terra, pode ser tansplantado e crear unha planta nova.

Barroncas, As

Barronca e *Barroqueira* son topónimos derivados de *barro* e, xa que logo, indican terreos abundantes en barro. Mais, segundo o di-

cionario Estraviz, tamén ten a acepción dunha “quebrada produzida na terra polas enxurradas ou por outra causa”. Esta segunda acepción sinala tamén unha característica que comparten as nosas Barroncas: a de seren terreos con quebradas e pequenos barrancos.

Este topónimo atopámolo tanto en Castiñeira como en Vilar do Mato. En Castiñeira As **Barroncas** están na zona do Rial, concretamente é o camiño que vai desde O Rial até O Chouso e, aínda que antes era practicamente inviable, desde que o asfaltaron, é a estrada principal para comunicar ambas zonas.

Bazoca, A

A falta doutra explicación, consideramos que este topónimo pode vir de bazo (lat. BADIU), en diminutivo, para indicar un lugar de cor parda ou amarelada, ou tamén un lugar embazado, que se encharca cando chove.

A **Bazoca** é o terreo (monte e labradío) que queda entre As Colmeas, Vales e o Río do Muíño.

Belurica

O belurico, ou bilurico, segundo o dicionario Estraviz, é unha “Ave pernalta, do género *Numenius*, do tamaño aproximado de un galo, com o bico encurvado na ponta, e que vive nalgumas lagoas da Galiza e nas beiras do mar (*Tringa hypoleucos*)”. Aínda que este topónimo aparece escrito en feminino e con V no *Amillaramento*, pensamos que pode emparentar con esa definición. No Dicionario de dicionarios din que tamén se lles chama así ás crías da gaivota.

Di Gonzalo Navaza que Belurica, como topónimo, debe ser un adxectivo feminino de propietario, formado a partir dun alcume co nome da ave: A Belurica = A de Belurico.

A **Belurica** queda na zona do Rial, por embaixo das últimas casas.

Bouces

A etimoloxía desta palabra, que emparenta con *bouza*, é confusa e, segundo Cabeza Quiles, probablemente sexa de orixe prerromana. Hai dous significados para este topónimo: lugar con moitos matos, xestas, uces... ou propiedade de monte baixo cercado. Calquera dos



Poza de Bouces.

dous lle acaan ao noso **Bouces**, que se sitúa pola zona do Outeiro da Marta, entre A Carosa e Vilar. Alí temos tamén a **Poza de Bouces**.

Bouza da Mosca

Este é un topónimo transparente e que, como indicamos para o topónimo anterior, xunta un lugar con matos ou de monte cercado á presenza de moscas.

A **Bouza da Mosca** son os toxais que quedan entre a de Calleu, As da Roxa e o monte onde, imaxinamos, habería abundancia de moscas. Tamén se atopa este topónimo na parroquia de Amoedo (Pazos de Borbén), na zona que estrema co monte de Castiñeira. O feito de que o terreo así chamado faga estrema entre dúas parroquias fai pensar en que esta mosca poida non referirse ao insecto senón a unha marca: neste caso, unha marca de linde.

Derivado do topónimo Bouza temos o apelido Bouzón, moi abundante na parroquia, e no Concello.

*Ghau Ghau pola Bouza da mosca
Ghau Ghau pola de Calleu
Ghau Ghau pola Porteliña
Vente acá que aquí estou eu*

Manolo Ghau Ghau foi un dos homes do noso monte. Gran coñecedor e persoa de referencia para todo o relativo a el. Andouno desde neno. Coñecía ben. E del gardan moi bo recordo as mulleres todas que nos falaron do monte

da súa infancia. Todas falan del coma dun “quitamedos”. Porque era daquela un pouco maior ca elas. O suficiente como para lles ofrecer seguridade. E tiña a capacidade de estar en todas partes (sen dúbida coñecía os camiños e carreiros e conseguía chegar en menos tempo). E dáballes a confianza necesaria para se mover nun medio hostil. A el lle dedicaron esta copla, que di moito do viva que estaba a toponimia daquela nas súas vidas.

Cabeceira de Vilar

Unha cabeceira é a parte máis alta dun terreo en desnivel, en oposición ao fondo. Para o topónimo Vilar, vid. VILAR.

Cachada / Cachadiña (A: labradío e viña)

Do latín CASCULARE “romper”. Di Martín Sarmiento, no Dicionario de dicionarios, que unha cachada é a herdade dun terreo que foi acondicionado (cachado: rozado, queimado e cavado) para o cultivo. No Estraviz aparece tamén como sinónimo de monte particular. Tomada.

Porén, cómpre sinalar que, na nosa zona, cachar non é sinónimo de cavar. E que mentras que cavar é cortar o terrón, viralo para o rego e cavar fondo a terra para botarlle por enriba; cachar, pola contra, é só raspar por enriba a terra. Cachar tamén é ir cortando a herba polo medio do millo, por exemplo. Ou sexa, é un cavado en superficie.

A Cachada era o nome que recibían uns terreos no alto da Revolta, á dereita. Hoxe en día están ocupados por vivendas.

Calleu / De Calleu (A) / Decalleu (A) / A de Calleu (A)

Este topónimo pode ser unha variante de *callao*, pedra grande (segundo o Dicionario de dicionarios). Sobre esta voz di Sarmiento: “Del latín *calculus* formó el gallego *callao*, y el francés *caillou*; y todo significa “el sílex o pedernal”. Cabeza Quiles fala para o topónimo *Callobre* (na *Toponimia da Estrada*), dunha voz celta *calio / caliauo “pedra”, presente en palabras galegas como *callau*.

Porén, o feito de que no *Amillamento* o atopemos varias veces precedido dun DE, forma que tamén se atopa viva entre os/as nosos informantes, fainos pensar nun nome que deriva do propietario/a, fose este apelido ou alcume.

Calleu é o monte (e toxais) que está entre As da Roxa e O Cutiño. Alí nace un manancial, e hai unha poza, a **Poza de Calleu**, que alimenta a da Porteliña (Vid. POZA DA PORTELIÑA).

Calvos, Os

Un *calvo* (lat. CALVUS), entre outras acepcións, é un terreo árido e sen vexetación, descuberto. Sinónimo de pelado. **Os Calvos** é o nome que reciben uns terreos no Rial, baixando cara a Poza do Rego, xa en Reboreda.

Camiño

Segundo a RAG, un camiño é o espazo disposto para ir dun lugar a outro. Deriva da voz céltica *CAMMINU que substituíu a palabra VIA do latín clásico, co mesmo significado.

Hai moitos camiños en Ventosela mais sinalamos só os que consideramos máis significativos desde un punto de vista lingüístico:

Camiño de Bras

Bras é un antropónimo, forma tradicional de Brais. Este camiño atópase na zona de Raíns.



Camiño da Cagalla.

Camiño da Cagalla

Unha *cagalla* (latín CACALIA), ou *cagallón*, segundo a RAG, é unha “porción de excremento sólido de pequeno tamaño dalgúns animais, como a ovella, a cabra, o coello, etc.”. Este camiño, que dá acceso á parroquia desde o monte de Castiñeira, é unha encosta na que, probablemente, os animais defecasen cando volvían do monte e, de aí, se cadra, o nome. Aínda que tamén puidera deberse ao feito de ser un mal camiño, como aínda o é hoxe en día.

En tempos, a vida transcorría moito máis cara a fóra, e as idas e vidas polos camiños eran o día a día de pequenos e maiores.

Anque che son pequeniño
Pequeno coma un gurgullo
De noite polos camiños
Fágoche muito barullo.

Cántanse os camiños e cóntanse contos de camiños. Coma o de siño Manuel, ao que algúns malintencionados veciños increpaban, por sabelo pobre. E, ao miralo pasar, preguntábanlle:

-*Xa comeu, siño Manuel?*
E el contestaba:
-*Vaia logo!*

A retranca sempre foi unha elegante maneira de sortear a ruindade do mundo. Sen ofender co silencio. Mais evitando caer na súas foces. Un elocuente caneo intelectual que, coma os nomes que aquí tentamos preservar, tamén merecería conservación e cultivo.

Ou o conto dunha coñecida polas débedas que, ao pasar por diante da tenda, en día de feira (ou sexa, que ía mercar), foi chamada pola muller do tendeiro (con intención de reclamarlle a débeda), e ela, sabedora do motivo da chamada, apurou o paso, mentras voceaba: “Non te preocupes, xa me pagarás”.

Houbo un tempo no que as tendas fiaban. Apuntaban o que quedaba a xente a deber nunha libreta e confiaban en que as veciñas lles fosen pagando, cando puidesen. Contan tamén de tendeiros que, fartas de que algunhas non pagasen o atrasado, chegaban a tasar as compras: “isto lévalo, isto tamén, isto non che fai falta, isto tampouco...”

Nas entrevistas cos veciños/as para a elaboración deste traballo, algúns contáronme que meu avó lles fiara a obra da casa. El era carpinteiro, e fixo obras consciente de que ía cobralas a prazos. Pesou máis nel que eses veciños/as tivesen casa. E os cartos foron vindo. Por veces con agasallos, a modo de intereses. Outra perda. A dos préstamos entre iguais. Hoxe monopolizados polos bancos. E con xuros ben máis altos ca os da bolsa de croques que nos deixaban á porta. E que a avoa cociñaba con arroz. E con sabor a veciñanza.

Os camiños tamén levaban ás festas. Esas ás que se ía alegremente andando. En grupo. A festa era o camiño, afirman moitas. E aí os contos non teñen fin. De como laretaban. De como cantaban. De cando a nonseiquén lle rompeu o vimbio das rosquillas, que caeron na lama, e alí mesmo as paparon. De como ían á vila con dous pares de zapatos: uns para o camiño e outros para a festa. E deixaban os malos agochados e poñían os novos, de tacón, que logo sacaban, para regresar entre carreiros e lameiros.

Campo, O / Campelo / Campados (A: toxal)

Do latín CAMPUS, un *campo* é un terreo chan e máis ou menos grande de cultivo. Atopamos este topónimo en Castiñeira e en Vilar do Mato. E tamén contamos coa variante *Campelo*, campo pequeno (co diminutivo antigo -elo, xa comentado).

O **Campo** son as veigas que quedan entre A Laxiña e A Xesteira (xa no Cadaval, Asnelle de Arriba, Reboreda). Campelo son uns toxais no medio do monte, entre A Porteliña e O Regueiro. Non temos localizado, hoxe en día, o topónimo Campados.



Cancela de paus e cancela de metálico.

Cancela / Canceliños (A: toxal) / Canceladas (A)

Do latín CANCELLA, unha *cancela* (máis grande ca un *cancelo*), é unha porta formada por paus separados entre si e unidos por traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade. Ás cancelas de paus, desde hai décadas, xa se uniron as cancelas de metal, feitas da reciclaxe dos *somieres* (aquí chamados metálicos) das camas.

A **Cancela** queda entre A Cova e O Pozo Negro. Non temos localizados, hoxe en día, os outros topónimos.

No Dicionario de dicionarios, di Eladio Rodríguez que

“La CANCELA tiene los palos separados unos de otros, sujetos por travesa-

ños, y sirve para dar paso a las personas y ganados que entran en los corrales, heredades o huertas. Suele cerrarse con un pestillo o con un simple *TARABELO*. Cree el vulgo que antiguamente se reunían las almas de los difuntos junto a las *CANCELAS*; y por eso no se cierran éstas con violencia en algunas de nuestras comarcas, por temor a que esto lastime los espíritus que vienen del



Cancela de paus e malla.



Cancela sen nada.

más allá”. Nesta obra tamén se distingue a cancela “mayor, en fincas, para la entrada de carro”, do cancelo “menor o más estrecho, como para una persona”.

“Cancelas de” ou “Canceliñas de”, son un complemento de topónimos moi abundante no Amillamento de 1948-49. Preguntadas as fontes vivas do lugar sinalan que, efectivamente, moitos terreos estaban fechados con cancelas para que os animais (os do monte e os da aldea que se levaban ao monte) non entrasen nas propiedades. De aí que fose lóxico sinalar estes terreos fechados con cancelas: **Cancela de Vilar, Cancela da Cerqueira, Cancela da Carosa, Cancela do Río, Cancela do Urzal** (entre a Cova e o Pozo Negro)...

Tamén nos contaron que unha cancela de paus, hai décadas, era un luxo, xa que a leña cumpría para as casas. De aí que a maioría das cancelas eran de pedra (algo que aínda se conserva nalgunhas zonas de montaña): isto é, eran pedras móbiles, que se poñían e sacaban

para impedir o paso. Se tiña que pasar unha vaca ou unha ovella, sacabas dúas ou tres pedras e pasaba o animal. E cando remataban, volvías poñer as pedras no seu sitio, para evitar que outros animais entrasen. Contaban que, os animais domésticos, ao veren un monte de pedras xa non entraban, xa que non distinguían entre o muro e a cancela. O malo era cando tiña que pasar un carro, porque aí cumpría sacar todas as pedras. Un traballón. De aí que nos contasen dun veciño que lle suplicaba a outro por unha cancela: “Aínda que teña as bisagras de trapos!”.

Candela, A

Do latín CANDELA “lume”, a *candea* é un dos nomes da leña miúda. Candea tamén é un dos nomes que recibe a flor do castiñeiro, do millo, etc. que se usaban para encender e atear o lume. Este topónimo, hoxe

castelanizado, pode corresponder co de “A Candea” que di Gonzalo Navaza (na súa obra *Reboreda, os camiños da identidade*, Xunta de Galicia, 2000) que se rexistra no *Catastro de Ensenada*: téñase en conta que, naquela altura, Ventosela aínda formaba parte de Reboreda.

A Candela son os terreos que quedan entre A Raíns e A Pereira.

Hoxe en día, a palabra candea xa non está viva na parroquia, e para a leña miúda emprégase a palabra *garavizos* ou *garavullos*. E estes, xunto cos *carolos* (o carozo das espigas, logo de debullalas) e as piñas (froito dos piñeiros), constitúen aínda unha das mellores maneiras de acender o lume. Fago esta anotación porque as *pastillas de encendido* apuran máis e, se cadra, dentro duns anos, xa nin estas palabras se recorden. *Garavullos* tamén é unha maneira cariñosa de referirse aos nenos/as pequenas.

Canteira, A

Unha canteira é un lugar de onde se extrae pedra. Chamándose Pedroso, o monte de Castiñeira acolleu con certeza, ao longo da súa historia, diversas canteiras, nas que se extraía a pedra coa que se construían as casas da parroquia.

Porén, **A Canteira** da parroquia coñécese máis comunmente como **A Canteira da Louza** e atópase entre os toxais de Regaloureiro, Espiñeiro e o monte.

Carballeira, A

Fitotopónimo a partir da árbore carballo + o sufixo abundancial -eira. *Carballo* é palabra de orixe prerromana, posiblemente derivada de carba «matogueira», á que se engadiría o sufixo *-ALIU. En documentos medievais xa escribían *carbaliu/carvalio*.

Unha carballeira é un lugar onde hai moitos carballos. Atopamos este topónimo en Castiñeira (entre A Carosa e A Cascalleira) e en Vilar do Mato (na zona da Miñoteira). O carballo é unha especie arbórea moi común en Galicia. Até que se introduciron outras especies, o carballo era a árbore principal dos montes galegos, e a súa madeira a máis prezada para a construción.

Na toponimia de Castiñeira tamén atopamos Os Carballos do Casal, sendo un casal o terreo que rodea a casa. Estes están situados entre A Chan de Requeixo e as veigas da Pedra. Nos **Carballos do Casal** nace a auga que enche a poza da Raíns. Tamén temos **Os Carballos**

da Cereixana, microtopónimo creado sobre un nome de familia, que aínda hoxe se poden gozar, en Castiñeira, xusto antes da de Santos. E, por último, temos **O Carballo de Pedro**, zona do alto do monte de Castiñeira, indo cara a Amoedo.

Carballiños

Carballiño é o diminutivo de carballo (da raíz prerromana *carb-* ou *carv*), *Quercus robur*: árbore caducifolia da familia das fagáceas, de gran tamaño, cerna moi dura, madeira moi prezada, e que ten como froito a landra.

Contaba o meu avó que, nos tempos de máis necesidade, chegaran a comer fariña de landra. Hoxe en día, a fariña de landra é unha delicatessen culinaria que volve estar de volta, aínda que timidamente de momento, nunha dieta na que sempre estivo presente.

Carballiños é o nome que reciben uns terreos no Rial, antes de subir ás Barroncas.

Caringosta, A / Quiringosta, A / Quirincosta (A: toxal)

Gonzalo Navaza apunta *quirincosta* ou *quiringosta* como variantes suroccidentais de congostra. A nosa variante *Caringosta* emparenta coas anteriores e deriva tamén do latín VIA CONGUSTA: camiño estreito.

A **Quiringosta**, **Quirincosta** ou **Caringosta** é o nome que reciben varios camiños da parroquia, entre eles, en Castiñeira, tres que baixan desde Requeixo até a Raíns e a Rachadura e un que baixa desde o Eido de Juanito até o de Aurita. E, en Vilar do Mato, un que vai desde O Regueiriño até A Herbadiñeira.

Carosa, A

Este topónimo resulta escuro. Puido formarse a partir dunha raíz prerromana CAR- á que se lle atribúen os significados de lugar encostado e de pedra dura. Calquera deles lle acae á **Carosa**, na zona máis alta de Castiñeira, onde rematan as casas e xa comeza o monte que vai cara a Amoedo. Lugar cun subsolo de laxe: as **Laxes da Carosa**.

Na documentación municipal, este topónimo aparece escrito con x, Caroxa, mais debe tratarse dun erro de escrita, ao entenderen o s como palatal x.



Pozo do inferno.

Cascalleira, A

Do latín QUASSICARE, “escachar” romper en pequenos fragmentos. Unha *cascalleira* sería un lugar onde hai moitos cascallos que, segundo a RAG, son “fragmentos miúdos de pedra” ou da codia das árbores. Unha cascalleira é un terreo cultivable pero cheo de pedregullo.

A Cascalleira queda entre A Carballeira e Peizás. E nela atópase o **Pozo do Inferno**. Os pozos así denominados adoitan ser, como é o caso do noso, uns pozos moi fondos. De aí que levasen este nome, a modo de advertencia, sobre todo para os máis pequenos/as.

Castiñeira / Castiñeira, A

Segundo o dicionario Estraviz, unha castiñeira é un souto de castiñeiros aínda pequenos. A presenza do castiñeiro (*Castanea sativa*) en Galiza remóntase ao Pleistoceno, mais foi coa chegada dos romanos que se intensificou o seu cultivo, converténdose durante séculos nunha árbore e un froito, a castaña, fundamental para a alimentación, antes da chegada da pataca e do millo americanos.

Cabeza Quiles di que, se este fitotopónimo procedese do latín, viría dun étimo **castanearias*, formado sobre *castanea*, co sufixo abundancial -aria(s). Pero tamén podería tratarse dunha formación romance *castañeira*, derivada de castaña, que converteu o seu a pretónico en i por unha palatalización debido ao contacto coa nasal palatal ñ. Opina este autor tamén que o topónimo Castiñeira admite dous matices. En primeiro lugar, a súa forma feminina en -eira (< lat. -aria) pode ter valor colectivo, co que Castiñeira se referiría a unha pequena agrupación de castiñeiros; e outra posibilidade é que o topónimo exprese o xénero dimensional, cuxo feminino nomea realidades máis grandes que o masculino. De ser así, A Castiñeira podería referirse a un castiñeiro vello de grandes dimensións.

No noso caso, temos ambos os topónimos na parroquia. Sen artigo, **Castiñeira**, para referirse a un dos barrios da parroquia, co significado de agrupación de castiñeiros ou souto de castiñeiros aínda pequenos: “este souto algún día foi castiñeira”. E con artigo, **A Castiñeira**, para referirse ás veigas que quedan por embaixo de Roufes, xa no linde co Cadaval (Reboreda), e chegando até o Rial.

Cavada, A

Participio do verbo latino CAVARE, “abrir a terra”. Desde a Idade Media, e a medida que ían medrando as aldeas, fíxose necesario abrir novas terras de cultivo, dando lugar a este topónimo. Ademais del, tamén temos **As Cavadas de Arriba**, **As Cavadas de Abaixo** e **A Cavada da Raposa**.

No *Amillaramento* tamén atopamos **Cavada do Coto** (A: Toxal), **Cavadiña do Sobreiro** (A: Monte), **Cavada Sousón** (A: Monte), **Cavada dos Pousos** (A: Monte), **Cavada do Pousal** (A: Monte), **Cavada de Paus** (A: Monte), mais non puidemos localizar, a día de hoxe, ningún deles.

E, por último, temos **O Cavañón**, un curioso topónimo xa que non aparece ningunha referencia a outro igual no Nomenclátor. No *Amillaramento* este topónimo presenta un B antietimolóxico en case todas as voces.

De todas elas, a única que queda no núcleo de poboación é **A Cavada da Raposa**, situada entre o Alto de San Martiño e As Barroncas. Xa que logo, é unha zona que combina monte con terras de labor. Neste caso, o substantivo “cavada” mantén o significado máis antigo de “cova”: a cova da raposa. Normalmente os topónimos así denominados eran terreos fondos e escuros. Hoxe en día custa imaxinar A Cavada da Raposa como un lugar fondo e escuro. Mais nalgún momento pode que si reunise esas características.

Cómpre dicir tamén que a raposa (*Vulpes, vulpes*), entre nós, é un animal ao que se lle atribúe nocturnidade e astucia. De aí que “ser raposeiro/a”, frase aínda viva, significa facer as cousas ás agachadas.

A **Cavada** son os toxais que se topan entre a Carosa e Bouces. As **Cavadas de Abaixo** son toxais que se sitúan entre Campelo e As da Roxa. E, aínda que non as temos localizadas, A Cavada do Coto, seguramente se atopase na zona do Coto, na parte de abaixo da Revolta. E a Cavadiña do Sobreiro tamén podería atoparse na zona do Sobreiro, en Vilar do Mato.

O **Cavañón** son as veigas que quedan entre O Pumariño e As Veigas de Arriba (xa no Cadaval).

Chans, As (Vid. Chan, en Vilar do Mato)

As **Chans** son no alto no monte, indo cara a Amoedo. E, en Castiñeira, tamén temos A **Chan de Requeixo** (Vid. REQUEIXO), A **Chan das Tortiñas** (Vid. TORTIÑAS), a **Chan do Faltenciño** (na zona da Cova) e o microtopónimo O **Chan dos Vimbios**, entre Souto de Agrello e A Pereira.

Chaviñas, As

Descoñecemos a orixe deste topónimo e barallamos desde que se relacione co xogo da chave, até un relacionado co que Eligio Rivas, en *Natureza, toponimia e fala*, recolle para *chaveira, chavasqueira, chavascal...*, como matogueiras, terras ruíns, moutas de espiños. As **Chaviñas** son os toxais que se atopan en fronte de Vales.

Chouso, O / Chousa de Arriba (A: viñado)

Do latín CLAUSUM, participio do verbo CLAUDERE (“pechar, cerrar”). Segundo recolle o dicionario da RAG, é unha terra de labor cercada, polo xeral de pouca extensión, e situada preto da casa. *Chousa* fai referencia tamén a un terreo cerrado.

O **Chouso** son os terreos que quedan entre O Souto, Roufes, O Pazo e as Laxiñas.

Cerquido

Topónimo derivado do latín QUERCUS, e que fai referencia a un lugar onde abunde un tipo de carballo, o *Quercus Pyrenaica*, ou car-

ballo cerquiño, mais pequeno e rústico. Tamén podería derivar dun lugar cercado, isto é, acoutado cun pequeno valado de estacas.

Cerquido é a zona que queda entre as Cavadas de Abaixo e o monte do Cerro Vello de Moreira, xa no linde con Moreira (Soutomaior).

Cerro Vello / Cerradas (A: labradío) / Cerradiño (A: labradío e monte) / Cerrucho, O

Di Sarmiento, no Dicionario de dicionarios, que: “cualquiera monte o sierra sirve de cerradura. (...) Así la voz cerro, por monte, viene de SERRUM -I, que significa lo mismo”. Porén, Gonzalo Navaza tamén apunta a que o topónimo *Cerro* se poida referir a un *Quercus cerris* (do latín CERRUS), unha variedade de carballo característica do Mediterráneo central e oriental mais que tamén pode darse espontaneamente noutras zonas da península.

O **Cerro Vello** é no alto do monte de Castiñeira e sería ese lombo do monte, esa cerradura. Única liña de monte na que, durante décadas, se podía atopar madeira, xa que o resto estaba pelado pola acción do pastoreo.

Desde alí, recordan as máis vellas, que ían buscar mollos de garavizos que ataban e botaban a rodar monte abaixo, até Campelo (risos). Hoxe en día esta acción é impensable, porque ese monte está cheo de árbores. Mais a pouco que nos esforcemos, e coñecendo a orografía do terreo (cunha pendente importante), podémolo imaxinar. E o riso tamén chega a nós, como vivencia do monte alegre.

Os outros topónimos derivados, *Cerradas*, *Cerradiño* e *Cerrucho*, indicarían terreos cerrados no monte. No tocante ao **Cerrucho**, é a zona que queda antes da Pedra que Fala. Algunhas informantes pensan que podería chamarse *Cerrucho* porque alí había unha nacente de auga escasa, un *cirricho*, do que *Cerrucho* sería unha variante. Mais o máis probable é que O Cerrucho derive de Cerro + o sufixo -ucho, que indica algo máis pequeno ou de peor calidade.

Cirqueira, A / Cerqueira, A / Cerqueira Sousón (A: labradío)

Este topónimo, que atopamos no *Amillaramento* escrito con “i” e con “e”, consideramos que emparenta co de Cerquido. Xa que logo, tamén consideramos que deriva do latín QUERCUS, e que fai referen-

cia a un lugar onde abunde un tipo de carballo, o *Quercus Pyrenaica*, ou *carballo cerquiño*, mais pequeno e rústico. Mais tamén podería derivar dun lugar cercado.

No *Amillaramento* sorprende a cantidade de variantes deste topónimo: Cerqueira de Fóra, Cerqueira dos Postes, Cerqueira do Cruceiro, Cerqueira do Pozo, Cerqueira de Arriba do Pozo, Cerqueira Sousón... Neste último, podemos comentar que Sousón, segundo o Dicionario de dicionarios, é unha uva tinta que se cultiva nas beiras do Miño.

Na **Cerqueira**, zona que precede ás Agrelas, na entrada de Ventosela subindo pola Revolta, á dereita, e que vai até O Rial, aínda hoxe hai moitas viñas, así como unha zona de monte.

Codesal, O / Cudesal, O / Cu de Sal, O

Segundo Lorena Carrasco e Gonzalo Navaza, o substantivo cu, do latín CULUM, designa camiños cegos, aos que só se pode acceder por onde mesmo se entrou. Apuntan tamén que ten paralelo co francés “cul-de-sac” (camiño cego). Nalgúns topónimos onde aparece “o sal”, este fai referencia ao parecido desta pedra co seixo, abundante aínda hoxe nos nosos camiños de terra.

Esta acepción podería acaer ao noso topónimo, xa que son unha veigas sen saída (entre Roufes e A Viñña). Porén, nós consideramos que o topónimo que aquí se agocha é realmente **O Codesal**, lugar onde abundan os codesos, arbusto da familia das papilionáceas, con ramas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume. E afirmámolo porque, sobre o terreo os codesos afirmanse e confirman a toponimia.

Colmeas, As

Este é un topónimo transparente, e fai referencia ás colmeas das abellas, unha fonte de alimento que posuían boa parte das familias da aldea aínda non hai moito. Hoxe en día, que nós saibamos, non queda xa ningún produtor de mel en Ventosela. A eucaliptización do monte, que xa non conta coa variedade floral que tivo outrora, e a chegada da vespa velutina mermou as colmeas até a súa desaparición, pondo en perigo tamén a imprescindible polinización.

As **Colmeas** son os terreos que quedan entre O Cruceiro e O Río do Muíño.

Corcovo

Do latín CURCUVUS, posible variante de CURVUS (curvo). Este topónimo debe facer referencia á forma do terreo. No dicionario Estraviz atopamos a definición de corcovo como: (1) Salto ou brinco que dão algúns animais, como o cavalo, arqueando o dorso para cuspir o cavaleiro. (2) Torcemento, curvatura, arqueamento. E (3) Montículo ou elevación de terreo. Outeiro. No Dicionario da RAG engádesse, para *corcovo*, *corcova* ou *corcovado*: “Curvatura convexa esaxerada das costas ou do peito producida por unha desviación da columna vertebral ou do esterno”. Sinónimo de chepa.

Corcovo son os terreos que están entre A Rachadura e Balaído, baixando polo Camiño das Barroncas.

Corral da Vella, O

Segundo o dicionario da RAG, un *curral* (lat. CURRALE) é un “espazo situado a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo, etc.”.

O **Corral da Vella** localízase entre Zabarís e a Viña Blanca.


Costa do Xil, A (Vid. Costa, en Vilar do Mato)

A **Costa do Xil** é a que queda ao final da Revolta, chegando xa ás Agrelas.

Cotes, Os / Cotiño / Cutiño / Coto de Frago / Coto de Freixo e Coto de Graxo (A: toxal) (Vid. A Cotacha, en Vilar do Mato)

Estes topónimos son derivados e diminutivos de *coto*, da raíz prerromana COTT- “prominencia, altura” ou mesmo elevación rochosa de pequenas dimensións. O **Cotiño** (ou A Cutiña) son lugares elevados.

Os **Cotes** (tamén atopado en documentación relativa aos lindes da parroquia como Os Cotos) é no alto do monte de Castiñeira, subindo desde O Pozo Negro até Amoedo. Na zona atópase **A Laxe dos Cotes**.



Freixo.

O **Cotiño** é a zona que queda entre Callee e Espiñeiro. Tamén temos un **Cotiño** en Vilar do Mato, por enriba do Eido de Arriba.

O **Coto de Frago** son uns toxais que quedan na Carosa, entre o Eido do Vento e os toxais da Cavada. No Dicionario de dicionarios atopamos unha definición de *frago* como “peñasco grande”.

O **Coto do Freixo** é na estrema entre Amoedo e Reboreda. Un freixo é unha árbore de folla caduca da familia das oleáceas que alcanza de vinte a trinta metros de alto, toro grosa con moitas pólas, follas opostas e denta-

das e madeira de cor abrancazada moi doada de traballar, da que existen varias especies. Considérase que a súa casca ten propiedades medicinais.

Non temos localizado, a día de hoxe, O **Coto de Graxo**, mais un graxo (*Corvus frugilegus*) é unha ave rapaz, semellante a un corvo, do que se diferencia pola cor máis clara do peteiro.

Coutada, A / Couto da Fraga (A)

Coutada vén do verbo coutar, a partir de couto, en latín CAUTU, “protexer, defender, coidar”. Un couto, xa que logo, é un territorio delimitado e con dereitos de propiedade. Normalmente parcelas do monte que foron privatizadas nos lindes co monte comunal.

A **Coutada** queda no monte, entre A Carosa e Vilar. Non puídemos localizar o **Couto da Fraga** mais, unha fraga é unha extensión de monte, de difícil acceso. Segundo Cabeza Quiles, citando un traballo de Francisco Fernández Rei que, a palabra *fraga* procede do substantivo do latín hispánico FRAGUM “lugar fragoso, penedoso”, formado por regresión do adxectivo *Fragosus* “áspero, escarpado, rochoso”, “lugar con maleza”, “breña”, vocábulos derivados do verbo frango “romper, quebrar”. A acepción semántica orixinal de fraga era a de “lugar escarpado e rochoso”, pero despois a erosión da pedra deu lugar a aparición nesas fragas de maleza, arbustos e mon-

te baixo, até acadar o significado xeral de bosque, especialmente de carballos e castiñeiros.

Cova, A

Do latín CŎVA, indica un terreo cóncavo, afundido.

A Cova son os terreos que quedan entre O Regueiro e Peizás e, efectivamente, é un terreo fondo, seguindo o curso do Río do Regueiro, ou Río Campelo, até o seu encontro co río Alvedosa. Na Cova atopamos tamén O Cunco da Cova: unha pedra con forma de cunco.

Cruceiro, O

Este topónimo deriva de *cruz* (CRUX, CRUCIS), e fai referencia a un cruzamento de camiños ou á existencia dun cruceiro (cruz grande de pedra, lisa ou con figuras esculpidas, sobre unha longa columna asentada nunha plataforma) no lugar.

Xa non hai cruceiro no lugar así chamado en Castiñeira, mais hóu-boo, segundo nos contan, até a construción da casa que agora ocupa o lugar, e marcaba unha encrucillada de camiños, entre O Lombo e As Longuiñas (camiño do Cadaval, Reboreda). O cruceiro xa non existe, mais o topónimo garda a súa memoria.

A maiores deste, na parroquia hai outros tres cruceiros: o da Igrexa (en fronte da Casa da escola), o das Agrelas (o máis recente, obra de Antonio Alves) e o do Rial (Vid. RIAL). Tamén hai un dentro do recinto de Aldeas Infantiles e algúns outros dentro de casas particulares.

Da Roxa, As

Este é un topónimo que deriva dun alcume. Segundo o dicionario Estraviz “roxa” é “Pessoa velha, de corpo muito delgado e seco”; segundo o dicionario da RAG, roxa é a cor “entre o castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello”, sinónimo de rubio (non confundir con *louro*). Roxo/a polo tanto é tamén adxectivo para as persoas que teñen o cabelo desa cor.

Noutros topónimos galegos onde aparece este “Roxo/a”, designan terreos que eran ou tornaban de cor roxa por seren ferruxinosos ou estaren próximos a unha corrente con augas ferreñas, ao seren zonas

nas que se desenvolveu unha actividade mineira arredor do ferro. Este non nos parece o caso do noso topónimo, que máis probablemente deriva do adxectivo / alcume, derivado pola cor do cabelo do propietario/a. Hoxe en día roxo aínda é un adxectivo vivo con ese sentido de persona co cabelo rubio: O Roxo da Cartiña é un exemplo de veciño con esa característica.

As da Roxa son os toxais que quedan máis para arriba das Cavadas de Abaixo. Nas da Roxa nace a auga da que se nutre o Río do Regueiro (despois Río do Muíño), tamén coñecido como Río Campelo, afluente do Río Alvedosa.

Eido

Segundo María Pol, esta palabra procede do latín ADITUM, participio do verbo ADIRE “engadir”: un *eido*, pois, sería o terreo engadido que rodea a casa ou está próximo a ela. Mais tamén pode ser un terreo de cultivo, sen máis.

Eido é un compoñente moi recorrente de topónimos compostos. Así temos: o **Eido do Rial** (na zona do Rial). O **Eido de Pilar** (na Carosa, Castiñeira), o **Eido do Xil** (na Revolta), **Eido Ramón** (A) e o **Eido de Pelaya** (A), estes últimos sen localizar. De todos eles, comentar que Xil foi un nome común no pasado, aínda que hoxe en día non o sexa tanto. E que Pelaya é a forma castelá de Paia, feminino de Paio, un nome hoxe practicamente desaparecido, mais que tivo moita presenza na Idade Media na diocese de Tui, como queda de manifesto na veciña parroquia de Reboreda, onde se honra a Santo Paíño. Gonzalo Navaza, na toponimia de Reboreda, conta que o neno Paio (séc. X), con só trece anos é levado como refén a Córdoba, onde foi martirizado. Tras a súa morte, o seu tío, o bispo Hermoixio de Tui, fixo construír en Albeos (Crecente) un mosteiro na súa honra.

E tamén temos o **Eido da Perica** (A: toxal e labradío) e o **Eido da Reina** (A: labradío), ambos sen localizar. Unha perica, apelativo moi común aínda hoxe para referirse cariñosamente ás nenas, é unha ovelha nova mais que xa non mama.

O nome do Eido adoita superporse ao nome do terreo unha vez este edificado. Por veces aínda conviven ambos: a familia chámalle polo nome do terreo e os veciños polo nome (ou sobrenome) da familia, ou co nome (ou apelido) do propietario/a ou con outros referentes ao lugar ou características da construción. A respecto destes nomes, e destes sobrenomes, cómpre entender que, se o nome da persoa é único na parroquia, válese por si mesmo. Mais cando o

nome é máis común (Xosé, Manolo, María, Maruxa...) faise necesario o alcume ou o nome dos ascendentes para unha correcta identificación.

Desde a antropoloxía cultural galega tense falado moito da casa. Marcial Gondar dicía que en Galiza non se pregunta “como te chamas?” Senón “de quen ves sendo?”. E a retórica da pregunta non é en van. Cómpre sinalar a estirpe desde tan atrás como cumpra. E, non poucas veces, a casa, o eido, vai envolto na identificación. Porque na cultura tradicional galega “nós pertencemos ás casas, non as casas a nós”, afirma a antropóloga Elena Freire³.

Elena Freire tamén afirma que “nomear as casas é ordenar o mundo”. No noso modesto traballo de campo comprobamos que abofé: nomear as casas é imprescindible para ordenar a parroquia. E que nas cabezas dos nosos informantes esta ordenación é posíbel. A maioría delas eran capaces de sinalar as casas todas da parroquia, desde A Carosa até o Eido de Abaixo. Cos nomes de cada casa: unhas veces alcumes (o eido da Melra), outras nomes de persoa (o eido de siño Vicente), por veces apelidos (o eido do Gallego), outras oficios (o eido da Taberna) ou lugares singulares (o eido das do Torreiro).

Pois ben, seguindo estas ideas, propuxémonos traer tamén a este humilde traballo unha relación dalgúns **Eidos senlleiros da parroquia**, ordenados alfabeticamente:

O Eido do Abade; o Eido de Aurita (antiga Casa da Escola); o Eido do Bicho; o Eido de Caballo; o Eido de Camelia; o Eido de Candelaria; o Eido do Caporro; o Eido de Carnero; os Eidos da Carosa; o Eido das Carulas; o Eido do Cascarolo; o Eido do Cateliño; o Eido das Chaspeas; o Eido das Couñagas; o Eido de Siña Dolores, da Curuta; o Eido de Siña Dora; o Eido de José, O Perrencho; o Eido das do Gallego; o Eido de Guedola; o Eido dos Lavanicas; o Eido do Lombo; o Eido da Maranca; o Eido de siña Marina; o Eido das Mariquetas; o Eido das Pandelas; o Eido dos Patachos; o Eido do Pazo; o Eido de Pepiño de Requeixo; o Eido do Pinto; o Eido dos Piscos; o Eido das Pousadas; o Eido da Rabiosa; o Eido da Raíns (Eido de Tía Aurelia); o Eido das Rinchas; o Eido das Simonas; o Eido da Taberna; o Eido dos Tareixos; o Eido das do Torreiro; o Eido de Siño Vicente e o Eido das Xastras.

Eixido

Segundo o dicionario da RAG, un *eixido* (do latín EXITUM “saída”) é un terreo de pouca extensión, contiguo á casa, onde polo xeral

³ Conferencia ofrecida dentro do Seminario de Onomástica celebrado o 21 de outubro de 2023 en Pontevedra e pendente de publicación por parte da RAG.

se cultivan hortalizas. Actualmente, **O Eixido** está case todo el ocupado por un eido, na Carosa, Castiñeira.

Espiñeiro

Segundo o dicionario de dicionarios, Espiñeiro é un fitotopónimo, variante de espiño (en latín SPINU + ARIU): nome xenérico de moitos arbustos espiñentos, así como dalgunhas froiteras silvestres. Comunmente fai referencia ao *espiño albar*, tamén coñecido como estripo ou estripeiro.

Espiñeiro é a zona do monte máis alta, subindo de Regaloureiro e do Cutiño, e segue até Moreira. En Espiñeiro hai unha poza: **A Poza de Espiñeiro**.

Esquiniña, A

Segundo o dicionario RAG, unha esquina é a zona máis próxima ao punto onde se cortan dúas liñas ou dúas superficies. **A Esquiniña** é a zona de monte que queda ao pasar a Chan de Requeixo.

Fonte

Do latín FŎNTEM, unha fonte designa un nacemento de auga natural, sen intervención humana, ou a construción de pedra, con cano e pía, que fornece auga conducida dunha mina ou dun manancial.

En Castiñeira temos as seguintes fontes: **Fonte do Pisco** (por enriba da Laxe do Escorregadouro), **Fonte da Vela (A)**, **Fonte da Meca (A: Prado e Monte)**, **Fonte da Merda** (na zona do Meixoeiro), **Fonte da Preguiza** (na zona da Laxiña), **Fonte de Zabarís** e **Fonte da Rachadura**. Estas dúas últimas, a de Zabarís e a da Rachadura, tamén teñen poza (no caso da de Zabarís, ten dous pozos: un máis pequeno e outro máis grande) e lavadouro. Empregamos esta forma dialectal, co sufixo -ouro, propio do galego da diocese tudense, por ser a forma viva na parroquia aínda hoxe en día. Na Rachadura o lavadouro está incorporado á poza.

Fonte da Preguiza

Esta fonte, situada na zona da Laxiña, chamábase así porque case non botaba auga. Ou sexa, que era preguiceira. Mais no inverno aumentaba o

seu caudal. Esta falta de continuidade fixo que non se lle chegase a facer ningunha presa. E no último asfaltado da estrada que comunica O Chouso co Campo, ficou sepultada. Porén, no inverno, ela segue ofrecendo os seus servizos e marcando a súa presenza, baixo o piche, que humedece. Tamén lle dá nome ao camiño que por ela sobe: O Camiño da Preguiza.

Gurgullón / Gorgullón / Guirguillón

Do latín GURGULIONE “esófago”, un *gurgullo* ou *gorgullo* é un lugar onde nace a auga e é expulsada á superficie, de abaixo para arriba, facendo gurgullos. Un *gurgullo* tamén é un insecto que vive nos cereais e nos legumes. O **Gurgullón**, **Gorgullón** ou **Gurquillón** (todos tres con gheada), porque así nolos din os nosos informantes/as, atópase na zona do Rial, a carón da Lagoa.



Lagoa do Rial.

Lagoa do Rial, A / Lagoeiro, O

Palabra derivada de *lago* e *lagoa* (do latín LACUM, LACUNA), fai referencia a terreo enchoupado, masa de auga, de menor profundidade ca o dun lago, rodeada de terra e non comunicada directamente co mar.

A **Lagoa do Rial** é, aínda hoxe (con todo o abandono no que se atopa), unha preciosa lagoa, que se compón de tres zonas de auga: unha na zona máis alta, onde nace a auga e na que nos contan que había unha fonte e un lavadoiro. Unha segunda, cunha poza de regadío, á dereita da cal se atopa **O Gurquillón**. E unha terceira, a máis grande, que é a lagoa propiamente. Toda a zona se atopa comunicada por pasos e rodeada de portentosas árbores.

Tamén nos contan os nosos informantes que na lagoa, dicían os vellos que, ademais de rans, sapos e culebras de auga, chegou a haber anguías, cuxa pesca completou a dieta dos veciños/as durante xeracións.



Pozos do Lagoeiro.

Eu non coñecía a lagoa e fiquei impresionada coa súa vista. Ao tempo que compartía a dor de quen ma ensinou polo lamentable estado no que se atopa. Considero que debiera ser un lugar acondicionado para que a veciñanza da parroquia a poida gozar. Ou, cando menos, para que a poidan coñecer e poñer en valor.

Outra zona tamén dunha beleza absoluta é **O Lagoeiro**, entre as Tortiñas e Vilar. Alí atópanse dous pozos: **Os Pozos do Lagoeiro**.

Laranxos, Os

Os laranxos ou laranxeiros son árbores da familia das rutáceas de pouca altura, follas ovadas e perennes e flores brancas recedentes, que ten como froito a laranxa. Este topónimo xa aparecía no *Catastro de Ensenada* coas formas Naranxos, Naranjos, Laranxos e Laranjos. No *Amillaramento* aparece como Naranxos, mais a veciñanza di Laranxos. E así se chaman un conxunto de veigas na zona media do Rial, a seguir da Lagoa, coa que se regan.

Laxiña, A

Laxiña é o diminutivo de laxe, palabra de orixe prerromana, probablemente céltica (LAB, “esvarar”), que se incorporou ao latín como LAGENA. A **Laxiña** son as veigas que quedan entre O Chouso e O Barcelo. Zona de grandes laxes, coma **As Laxes do Pinto**.

Unha *laxe* é unha pedra alisada e de grandes dimensións, que afloira nun terreno sen sobresaír del. É un topónimo de uso frecuente na toponimia de Galiza. E aínda atopamos na parroquia quen lles chama, ao que xa moitos chamarían “prazas”, co seu nome xeolóxico: as **Laxes da Carosa, As Laxes da Raíns, As Laxes de Requeixo** ou **As Laxes de San Martiño**, dando fé da pedra que oculta o piche.

Xa no monte, en Castiñeira, temos as **Laxes das Abellas, a Laxe Negra** ou a **Laxe do Escorregadouro**.

Esta última fai referencia a este xogo infantil de escorregar por unha pedra o suficientemente lisa e en pendente, a modo de tobogán, e que tantos pantalóns e saias obrigaría a remendar, cando os nenos e nenas tiñan como un dos seus labores o coidado do gando no monte. Cóntannos que se tiraban enriba dunha póla de piñeiro para facilitar o descenso. E tamén que había dous escorregadouros: un por enriba da Cova (na Carosa) e outro no que hoxe se coñecen como os Petróglifos da Pedreira.

Leira

Leira é un substantivo documentado en textos medievais como LAREA e que designa “un lugar estreito de regadío”. Segundo Cabeza Quiles, seguramente parta dunha raíz indoeuropea *plar “chaira, solo, pavimento, campo”. Esta raíz, tras a perda do p- inicial, fenómeno normal nas linguas celtas, daría lugar ao topónimo, cunha sufixación -ia.

Aínda que temos moitas leiras na parroquia, sinalamos aquí dúas que atopamos no *Amillaramento* e que están sen localizar hoxe en día: **Leria de Xan Garrido** (A: Monte) e a **Leira Miguéns** (A).

E sinalámolas para comentar, na Leira Miguéns a evolución dun dos apelidos máis comúns na parroquia e no Concello: Míguez. Este apelido vén do nome Miguel. Os fillos de Miguel son os Migués (Miguélez en castelán). Mais, por asimilación con outros, trocouse a acentuación oxítónica pola paroxítica e pasou a escribirse Míguez.

Na miña familia, os meus dous avós maternos tiñan de segundo apelido Míguez. Mais, mentras a miña avoa o pronunciaba grave, ou meu avó insistía en que el se apelidaba Migués, marcando ben a gheada, a acentuación aguda e o seseo final, por máis que o seu DNI non o recoñecese.



Poza do Lombo.

Lombo, O

Do latín LUMBUM, un lombo é un orotopónimo, onde unha parte do corpo dun animal ou humano designa, por analogía, un accidente

orográfico, como tamén acontece co topónimo costa. Neste caso, **O Lombo** identifica unha elevación do terreo.

O Lombo localízase entre A Carosa e As Colmeas. No Lombo temos tamén **A Poza do Lombo**, que rega as veigas de Vales, O Cavañón, O Campo e parte das do Cadaval (Reboreda).

Longuiñas, As

Este topónimo fai referencia á forma do terreo: *longo* (lat. LON-GUS). O feminino derivaría de consideralas leiras ou veigas. **As Longuiñas** son as leiras que se atopan a seguir do Regueiro, río abaixo.

Lugar

Do latín **LOCALEM**, derivado de **LOCUS** “lugar”, denomínanse así as partes das parroquias de menor entidade que os barrios. Tamén se usa como sinónimo de eido. No *Amillaramento* atopamos así descritos o **Lugar do Pazo** (único que podemos localizar hoxe en día, entre a Rachadura e o Chouso), o **Lugar da Raís** (A: labradío), o **Lugar da Reina de Arriba** (A: labradío) e o **Lugar da Gicha** (A: monte). Estes tres últimos non os puidemos localizar.

Meixoeiro, O

Segundo Iván Sestay, este topónimo vén do verbo **AMEIXOAR**: “Xuntar, reunir, especialmente o gando”. Un meixoeiro é, polo tanto, un lugar onde se xuntaba o gando. **O Meixoeiro** queda a seguir da Poza da Porteliña, nun lugar chan que ben pudiera ter servido para tal efecto, de maneira natural ou pola man do home.

Minada, A

Minada é o participio de *minar*, derivado de *mina*, palabra de orixe celta (MEIN) incorporada desde o francés *mine*, que designa unha escavación na procura de auga ou de novas terras de cultivo. **A Minada** é a zona que se atopa na aba do Outeiro da Marta, e denomínanse así unhas leiras minadas ao monte.

Molarteiro (A: monte)

A falta doutra explicación, pensamos que este topónimo pode derivar de *mol / molar* (do latín MOLLE): lugar onde hai vexetación branda. O *toxo molar* é un sinónimo do toxo manso, ou a herba molar, do cotón. Os toxais de **Molarteiro** quedan pegados a Regaloureiro.

Moscalleira de Arriba e de Abaixo (Vid. Mosqueiro, en Vilar do Mato)

A **Moscalleira** queda en Amoedo (Concello de Pazos de Borbén), aínda que son toxais propiedade de veciños e veciñas de Ventosela.

Moutiño

Un moutiño é unha *mouta* pequena. E unha mouta é unha mata de vexetación (toxos, silvas) que sobresaie nun terreo. Tamén se di de quen ten moito cabelo: “ten unha moureira na cabeza”. O **Moutiño** (confusión con Montaña), son os toxais que quedan a seguir das Chans de Requeixo.



Muíño do Regueiro.

Muíño do Regueiro

A palabra muíño vén do latín MŎLĪNU (de MOLERE: moer). En Castiñeira temos **O Muíño do Regueiro** e o Muíño do Souto (hoxe desaparecido, mais conservado na toponimia). Para saber máis sobre este muíño e o seu último muíneiro, Xoaquín Nogueira Couña-

go, pode consultarse o libro *Ventosea, primeira tol*⁴. Hoxe en día este muíño é propiedade de Manuel Nogueira Couñago, que o conserva, ao igual ca o terreo que o rodea.

Copla do Muíño do Regueiro recollida a Florinda Couñago Míguez:

*O muíño do Regueiro
toda a noite andou en van
as mociñas da Carosa
fóronlle arrimar o gran*

Os muíños foron moi importantes na cultura tradicional galega. Os da nosa parroquia son muíños de auga todos eles. Neles moíanse diversos cereais, coma o millo ou o trigo. E tamén eran lugares de encontro e celebración. A propia “muiñeira” imita ritmicamente o son do muíño en funcionamento. En Ventosea, os muíños moeron até a década de 1970, deixando de facelo por volta de 1972/73. A partir de entón foron substituídos por muíños eléctricos, que aínda hoxe fan o seu labor.

Muíño da Ponte e Muíño das Xastras



Muíño da Ponte.

Na zona do Río do Muíño atopamos dous muíños de herdeiros: o Muíño da Ponte e o Muíño das Xastras. Ambos están xa no Cadaval, mais comentámoslos porque as familias que os usufruían eran de Castiñeira (aínda que no Cadaval afirman que o muíño da Ponte era comunitario de familias do Cadaval e de Castiñeira, que moían por quendas).

O lindeiro entre Ventosea e Reboreda non está claro. Contan os veciños de Castiñeira que o marco estaba no alto do monte, nos Campiños, e que desde alí marcaba unha liña dereita (senalada cunha cruz nunha pedra) até o Rial. Mais, que cando se fixo o campo de fútbol (hoxe en desuso), feito na

4 Olga Nogueira, Editado polo Concello de Redondela, 2018.



Muíño das Xastras.

zona dese lindeiro, para que este ficase en Reboreda, cambiaron a estrema e fixérona coincidir co río. Mais a controversia xa viña de antes, e fica recollida no documento de 1979 de reposición do monte comunal de Ventosela, onde se lles dá a razón aos veciños desta parroquia, guiándose o redactor polos camiños vellos do monte, que seguían as indicacións que eles marcaban e non o curso do río, máis sinuoso.

O Muíño das Xastras está rehabilitado e os seus propietarios incluso dinamizaron esa zona, en plena natureza, durante anos coa celebración dun festival de rock moi querido no Concello: o ArrastroRock. O Muíño da Ponte, pola contra, atópase nun avanzado estado de abandono.



Muíño do Rachón.

Muíño da Igresana e Muíño do Rachón

No mesmo lindeiro entre ambas as parroquias, e sumando tamén o linde con Amoedo, monte arriba, atopamos outros dous muíños: o Muíño da Igresana e o Muíño do Rachón. A veciñanza considera que o muíño da Igresana xa é de Amoedo mentras que o do Rachón é de Reboreda. Mais no linde con Ventosela.

Nabal, O

Un *nabal* (do latín NAPU + o sufixo abundancial -AL), segundo o dicionario Estraviz, é a mellor terra, moi frutífera, e onde de plantaban os nabos. O Nabal son as veigas que quedan entre Zabarís e O Cruceiro.

Onde se cargan os carros

Onde se cargan os carros é a zona do monte a seguir do Meixoeiro que, por ser unha zona baixa, como ben di o topónimo, era onde se cargaban os carros, de toxo ou de leña, por resultar máis doado.



Lola e Albino cun carro de toxo.

Falar de carros coas nosas informantas é iluminárselles a cara e acender nelas os recordos máis vivos da infancia e da adolescencia. A maioría deses recordos son alegres: é un rir a cachón. Coma cando a Laura, a Rabiosa, a perseguía un carneiro, e a súa nai, Dolores, morta de risa, enriba do carro, non atinaba a baixar a socorrer a filla. Os carros de Dolores, aliás, eran portentosos. E mirala vir do monte, coa bara co aguillón erguida, guiando as vacas, seica era unha imaxe imponente.

A posta do carro era unha arte. Porque había que sortear a forma dos animais. Mais ao tempo había que traer o máis toxo posíbel. Un carro ben farto, ben acugulado e, xa de paso, que chamase a atención. E non contentos coa enxeñería e o equilibrio vexetal, aínda

se facía lucir máis. E por iso se reservaba a mellor pavea de toxo, a máis grande e florida, para a frenteira do carro. E aí a viña ela, tesa e orgullosa, coma os camponeses e camponesas. Orgullo efémero todo el. Mais orgullo ao fin e ao cabo.

Outeiro da Marta / Outeiro da Ola

Un outeiro é unha “pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión”. Outeiro procede de ALTĀRIŪ, derivado do latín ALTU “alto” + o sufixo -eiro, e refírese a pequenas elevacións de terreo. Tamén hai



Outeiro da Marta.

autores que consideran que é unha formación romance a partir da raíz *outo* + o sufixo -eiro.

En Castiñeira temos o **Outeiro da Marta** e o **Outeiro da Ola**, ambos na zona da Carosa, no monte. Unha *marta* (*Martes martes*) é un pequeno animal carnívoro de cabelo castaño e mancha amarela ou branca no peito. Semellante a ela tamén é a garduña. No Outeiro da Marta hai unha pedra singular na que os nenos e nenas do lugar sentaban cando ían coas ovellas para o monte, e debaixo da que se abrigaban cando chovía.

E, segundo o dicionario da RAG, unha ola é un recipiente, con forma arredondada, que se usaba para cocíñar ou para gardar ou carretar líquidos. Tamén pode ser o remuíño que forman as augas dun río nunha revolta ou cando tropezan cunha pedra ou outro obstáculo. No **Outeiro da Ola**, que está a rente o río, entre O Río do Muíño e O Pozo Negro, pola zona na que se xuntan os dous ríos (o Campelo e o Alvedosa), hai unha pedra con moitos ocos coma cuncos ou olas, que son os que, se cadra, motivan o nome.

Paradela, A

Paradela é o diminutivo de Parada, lugar onde se para, normalmente por un breve tempo: un descanso no camiño. A **Paradela** queda en Reboareda, por arriba de Xan Garrido.

Paralonga, A

Este topónimo componse de PETRA + LONGA. Segundo Xulia Marqués, por alteración do primeiro elemento átono, o compoñente petra mudou en para. Unha **Paralonga**, xa que logo, é unha Pedra Longa. Neste caso, o topónimo localízase no alto do monte, entre Castiñeira, Reboreda e Amoedo.



Os Pardiñeiros.

Pardiñeiros, Os

Do latín PARIETINARUM, devesa ou lugar acoutado. Gonzalo Navaza tamén apunta a forma do latín vulgar PARIES, PARIETES: parede dunha casa, muralla. Desta forma, este autor indica que un *pardiñeiro* se refire a un lugar con edificacións arruinadas ou con sebes arbustivas. E así son **Os Pardiñeiros**, na zona entre a Esquiniña e a Pedra, onde para salvar a pendente do terreo (e reter a auga) se construíron grandes murallóns de pedra, que aínda hoxe poden contemplarse.

Pazo, O / Lugar do Pazo

Este topónimo vén da palabra latina PALATIUM “pazo”, en referencia a un lugar onde houbo unha casa señorial.

No noso caso non se constata a existencia de ningún pazo propiamente dito, aínda que si hai unha casa, antigamente coñecida como o Eido das Señoritas (por viviren nel varias mozas solteiras, vidas de fóra da parroquia) e que logo foi o Eido de Siño Vicente, que foi tenda e taberna durante anos.

Esa casa vendeuse recentemente e, nas escrituras, aparece descrita como “Pazo”. Certamente é unha bonita casa cun bonito eido que conta, entre outros elementos, cun pequeno xardín de buxos. Se cadra, no momento da súa construción, marcou unha diferenza coas outras casas do lugar, até o punto de merecer esa consideración.

No acondicionamento que Siño Vicente lle fixo para convertela en taberna, ademais de varios almacéns, destaca a construción dun xogo de bolos. Algo que tamén posuían as outras tabernas da zona: a da Raposa e a de siña Francisca, da Taberna. O xogo dos bolos (tamén coñecidos como bolos celtas) foi moi popular entre os mozos do lugar até a década dos 70. Hoxe en día, apenas quedan algúns vellos que saiban xogar.

O Pazo é o nome que reciben os terreos nesa zona: entre A Rachadura, As Barroncas e O Chouso.

Pedra, A / Pedreira, A / Pedral do Muíño (A)

Pedra vén do latín PĒTRA, e *Pedreira*, do latín PETRARIA, lugar abundante en pedra. Ambos topónimos indican a zona que queda por enriba do Alto de San Martiño.

Subindo pola igrexa imos dar ao **Petróglifo da Pedreira**, un dos máis bonitos de Redondela. Nel aparecen motivos xeométricos (espirais), coviñas,



Gravados dos petróglifos da Pedreira.

e varias montas: figuras humanas sobre équidos. A carón aparecen máis cabalos. Segundo o arqueólogo Manuel Santos, a dirección dos cabalos e a situación do petróglifo sinalan un lugar de paso destes animais, ou un lugar

de concentración, de pasto, dos mesmos⁵. Segundo o arqueólogo Xose Lois Vilar, este petróglifo podería marcar a fronteira entre a abundancia de máis gravados de cervos (ao norte) e dar o paso aos de máis cabalos (ao sur).

Seguindo en dirección Norte atopamos **As Pedras Agudas**, un topónimo claro, que indica o isomorfismo deste complexo pétreo, que se erixe sobre o alto do monte. Hai uns anos, o Concello instalou unhas mesas e a Comunidade de augas unha fonte, polo que este complexo é un lugar ideal para un descanso, se se anda de camiñada polo monte, ou para xantar ao aire libre



As Pedras Agudas.

cunhas das vistas máis impresionantes sobre a ría de Vigo. Tamén atopamos na zona **A Poza da Pedreira**, entre os Petróglifos e As Pedras Agudas.

No monte veciñal, en Castiñeira, Amén temos diversos nomes de pedras singulares: **As Pedras do Pico** (no medio do monte, a subir da Esquiniña), **As Pedras de Cerquido** (ao pasar os toxais de Campelo), **A Pedra da Raposa** (no alto do monte, é unha pedra cunha viseira e un oco debaixo, onde dicían que tiña o tobo a raposa) ou **As Pedras das Teixugueiras** (en Cerquido, entre O Cerrucho e As Laxes das Abellas). Mais de todas elas, as que máis destacan, se cadra, son **A Pedra que Fala** e **A Pedra Talló**.

⁵ Imaxe extraída do artigo “Los gravados rupestres de Tourón y Redondela-Pazos de Borbén como ejemplos de paisaje con petroglifos” de Manuel Santos Estévez (grupo de investigación de Arqueoloxía da Paisaxe, Departamento de Historia, Universidade de Santiago, 1996).



A Pedra que Fala desde fóra.

A Pedra que Fala

A Pedra que Fala é un topónimo singular que fai referencia á capacidade dunha pedra para amplificar o son. Neste caso, a Pedra que Fala é unha pedra oca á que se accede por unha estreita fenda horizontal, logo dun acceso á mesma empinado e difícil.



A Pedra que Fala desde dentro.

Segundo o historiador Ramon Piñeiro Almuíña: “a capacidade dunha pedra para amplificar, reflectir ou emitir un son fai que a súa presenza inerte adquira unha aura de animismo e se nos manifeste como un ser que pode responder, bruar, asuniar, roncar, tintinar e mesmo estremecerse. As propiedades acústicas de determinadas pedras érxeas como fitos no territorio. En palabras do teórico da escoita da paisaxe Murray Schafer, constitúen unha marca sonora “aqueles sons que adquieren un valor simbólico e afectivo” para unha determinada comunidade”.

Sobre a Pedra que fala circulan varias lendas, sendo a máis estendida a que sitúa ao lobo no seu interior, e os seus ouveos, amplificadas pola pedra, atemorizando a aldea enteira. O lobo é unha presenza viva no monte veciñal até mediados do século XX. A partir de entón a súa presenza decae até ficar fosilizada en contos e lendas coma esta.

A Pedra Talló

Segundo Cabeza Quiles, Talló debeu ser, antes da súa forma actual, un antigo diminutivo TALEŎLO, derivado do verbo latino TALEARE “cortar, partir”. Conta a lenda que esta pedra, con forma de mesa, se chama así porque os romanos, á súa chegada, tallaron nela un boi, como celebración.

A Pedra Talló, ao igual cá Pedra que Fala, atópanse no alto do monte de Castiñeira, na zona das Chans, chegando a Amoedo, ambas cunhas vistas privilexiadas sobre a ría de Vigo.

Peizás

Peizás é o plural dun colectivo en -AL a partir de PAINZO, “millo miúdo”. Segundo Marta Álvarez, na *Toponimia de Bembrive*, este topónimo procede de *PANICIALES, derivado do nome latino común do *Panicum italicum*, en galego *paínzo*, ou tamén chamado *millo*



Poza de Peizás antes e despois de limpala.

miúdo, logo de que de América chegase un millo de gran máis grande. O millo miúdo utilizábase como alimento humano e, en verde, o *millo pallón*, como forraxe para os animais.

Peizás son os terreos que se atopan entre A Carballeira e O Lombo, en Castiñeira. Na zona tamén temos a **Poza de Peizás**.

Pereira, A / Pereira dos Socalcos

Varios autores refiren a posibilidade de que este topónimo, que atopamos tanto en Castiñeira como en Vilar do Mato, proveña do latín PETRARIU, abundancial de petra “pedra” ou de PIRARIU, derivado de PĪRA “pera”. A pereira é unha árbore froiteira que se dá tamén en espazos forestais. A especie silvestre, tamén chamada *pereiro*, produce uns froitos de pequeno tamaño chamados *peros*.

No caso do segundo topónimo, un socalco (do latín SUB CALCE) é, segundo o Dicionario Estraviz, a “(1) Porção horizontal de terreno, numa ladeira ou declive de um monte, sustida por um muro ou (2) O muro que sustém essa terra lavrada na encosta”. Nas terras de Ventosela, case toda ela encostada, son moi habituais os socalcos.

A **Pereira** queda entre A Raíns e A Carosa. A **Pereira dos Socalcos** é a parte alta da Pereira, asocalcada.

Picoutos, Os



Ponte de Xan Garrido.

O topónimo Picouto provén da voz *picc- ou *bicc- “punta, pico”. Segundo a RAG, un *picouto* ou *picoto* é o punto máis alto dun monte ou un monte con forma cónica. No noso caso, efectivamente, **Os Picoutos** atópanse na zona alta do Monte, entre a Pedreira e Requeixo.

Ponte de Xan Garrido

Esta é unha ponte que permite cruzar o río Alvedosa, un pouco antes dos muíños que alí se atopan: o Muíño da Ponte (hoxe en ruínas) e o Muíño das Xastras (rehabilitado). Esta ponte foi vía principal de comunicación terrestre entre un e outro lado do monte. Por ela cruzaban os de Amoedo que querían chegar a Redondela por un camiño máis curto. E por ela tamén cruzaban os veciños de Castiñeira e do Cadaval que ían ao toxo ou á leña ao monte veciñal, por esa zona.

Considérase que a ponte fai lindeiro entre Ventosela (pola zona de Castiñeira) e Reboreda (pola zona do Cadaval).

Porteliña, A

Unha *portela* é un pequeno cambio no terreo, normalmente orográfico, que marca un cambio de rasante, como é o caso da nosa Porteliña.

No lugar tamén temos a **Poza da Porteliña**, moi importante en tempos, xa que dela partían augas para ambas partes da parroquia e mesmo



Poza da Porteliña.

para Reboreda, pola zona do Rial. Da súa auga regábanse as veigas da Carosa, A Caballeira, Souto de Agrelo, A Rachadura, O Alto de San Martiño, O Eido do Abade, As Agrelas, A Cerqueira e boa parte das veigas do Rial.

A Poza da Porteliña xa non é. Xa case nin se distingue onde foi. Disque a súa auga está no Depósito novo, que garante máis presión ás casas altas

da parroquia. Un cambio de sistema. E os cambios de sistema están ben, sempre que se fagan con recoñecemento e respecto.

A continuación recollemos o sistema de quendas da Poza da Porteliña. Para entender o nivel de elaboración e complexidade do sistema tradicional de rega en Ventosela. A xerarquía cultural que envolvía.

Na Porteliña xuntábanse augas de cinco mananciais superiores: Espiñeiro, O Cotiño, Regaloureiro, Calleu e O Meixoeiro. A poza regaba verán e inverno. No inverno regaban os que tiñan toxais con dereito a auga. Regaban as veigas. Mais só as dos que tiñan toxais con dereito a ela (de aí a importancia que tiña mercar toxais: non polo toxo ou a leña, senón



Rego de auga.

pola auga!). Os que non os tiñan, tiñan que esperar a que se botase a poza de rolda, no verán. Aí si a auga xa era para todos os que tivesen veigas con dereito a seren regadas por esa poza. Que podía sumarse a outras que lle fosen polo camiño: a do Lagoeiro, a do Verde Nabal, Bouces, a da Rachadura, A Pedreira...

No verán, a poza limpábase (limpábana todos os regadores/as) o domingo seguinte a San Xoán. Limpábase a poza e o rego todo. E botábase de rolda o día de San Bieito (que é cando empezan as regas todas). A poza tapábase á mañá e á noite, de maneira que regaba dúas pozadas cada día: unha á mañá e outra á tarde. Tapábase de noite para regar pola mañá. E, ao rematar a pozada (ou ferida), tapábase de novo para regar pola tarde. A poza

abríase a boqueiro solto, polo que era unha poza rápida: baleirábase en menos dunha hora.

Da Poza da Porteliña saían catro ou cinco regos de auga a repartir por veigas, segundo o tamaño da terra a regar: unha veiga máis grande tiña dereito a máis auga ca unha pequena. Así pois, podíase levar un rego enteiro, medio rego ou mesmo un cuarto. O reparto facíase a pé de rego (cumpría o acordo rápido), mediante a colocación de toles ou pedras para dividilo.

A rega de verán empezaba o 11 de xullo e acababa o 8 de setembro. Durante ese período as quendas establecidas eran as seguintes:


11 de xullo: rega o Eido de siño Sidro á mañá e á tarde. Leva o rego da Porteliña. O Rego de Espiñeiro e do Meixoeiro vai para os que teñan toxais na zona.

12 de xullo: pola mañá, regan As Tortiñas de Arriba e, pola tarde, As Tortiñas de Abaixo.

13 de xullo: de mañá, rega O Lagoeiro de Arriba e, de tarde, O Lagoeiro de Abaixo.



Tol.



Anotacións da auga.



Pau de marca na Poza do Lombo.

14 de xullo: regan Vilar de Arriba e Vilar de Abaixo.

15 de xullo: rega Requeixo, pola mañá, e A Pedra, de tarde.

16 de xullo: rega Bouces, de mañá, e A Carballeira, de tarde.

17 de xullo: rega O Lombo e A Cavadriña (toxais).

18 de xullo: regan Os Pardiñeiros e O Eido do Abade.

19 de xullo: rega A Carosiña e O Areeiro (no Rial).

E aquí remata a rolda, e vólvese repetir aos nove días seguintes. O día 20 xa volve ser de Siño Sidro. Vai roldando, cada nove días, ate o 8 de setembro, que remata.

Mais como hai máis regadores ca auga, non sempre toca a seguir, senón que, por veces, só toca auga cada quince días. Outras veces repartíase por anos pares ou impares. E segundo en cal che tocasse tiñas ou non auga. E podías ou non labrar unha veiga de millo, por exemplo. Cumpría apuntar para saber. Ou, non apuntando, fiarse de quen si o tiña escrito e sabía.

A auga da Poza da Porteliña canalizárona os seus regadores e regadoras desde Espiñeiro até a poza nos anos 70. Así non tiñan que ir buscar a auga monte arriba, senón que xa a tapaban na poza. Unha obra avanzada para a época. Que se sumaba a outras. Como o rego en altura -a levada- que transportaba a súa auga polas Agrelas até A Cerqueira e O Rial e que aínda pode apreciarse hoxe en día.

Porto, O

Un *porto* é un lugar con pouca auga por onde se pode cruzar un río. A voz *porto* procede dunha voz prerromana indoeuropea PŎRTU “pasaxe”, que comparte étimo co latín PŎRTUS. O **Porto** son as veigas e toxais que seguen, río abaixo, entre Peizás e o Río do Muíño, en Castiñeira.

Poza / Pozo

Pozo, do latín PŬTĚU, e Poza, o correspondente feminino e cunha forma máis grande (máis ancha e menos fonda) designan un lugar cóncavo cheo de auga, ben sexa de maneira natural ou pola acción do home, en forma de pequenos encoros para almacenar a auga e posteriormente usala para o rego dos cultivos.

En Ventosela hai moitos pozos e pozas, así como un sistema de rega tradicional (hoxe en día moito menos activo, mais aínda vivo) que mereceu a atención de Carmelo Lisón Tolosana na súa obra *Antropología cultural de Galicia* (1971), para destacar a forza dese costume como elemento de unidade parroquial.

“La regulación consuetudinal de riegos es una forma de unidad real y moral de la parroquia. En San Martiño de Ventosela los vecinos hacen una reunión para medir el agua y repartirla entre los *quiñóns* o unidades de tierra de los regantes. Luego hacen entallos en una caña y ponen espichos a distancias proporcionales a los quiñóns. Colocan la caña en la poza y el primer regante se sirve del agua hasta que llegue al segundo espicho. Otras veces, tiran al riego una manzana; cuando llega al segundo regante éste tiene derecho al agua”⁶.

Déixame ir que vou de présa
Que vou abrir unha poza
Que a teño encharcada
No corazón dunha moza

En Castiñeira temos **A Poza Grande** (Pasando As Chans, xa en Amoe-do), **O Pozo do Cerrucho** (por embaixo dun guirguillón que había, hoxe en día é un pozo cerrado), **A Poza de Espiñeiro**, **A Poza do Cutiño**, **A Poza de Calleu**, **A Poza de Regaloureiro**, **A Poza do Meixoeiro**, **A Poza da Porteliña**, **A Poza do Verde Naval**, **A Poza da Pedreira**, **Os Pozos das Tortiñas**, **Os Pozos do Lagoeiro**, **A Poza de Bouces**, **O Pozo do Inferno**, **A Poza de**

6 Paráfrase das liñas 66-67 da *Antropología cultural de Galicia*, de Carmelo Lisón Tolosana. Ed. Akal, 1979. O costume ao que fai referencia mantense, aínda hoxe, entre os regantes da poza do Lombo (Castiñeira).

Peizás, A Poza do Lombo, A Poza da Viñiña, A Poza de Roufes, O Pozo Rabelo (nas leiras de Roufes), Os Pozos de Zabarís, A Poza da Raíns, A Poza da Rachadura, o Pozo de Requeixo e As Pozas do Rial.

Pozo Negro, O

Pode designar unha zona do río onde as augas son tranquilas e profundas. Neste caso é unha zona que se atopa na zona do río do Muíño. Por enriba do Outeiro da Ola. Alí había un pozo moi fondo, onde se bañaban os mozos. Tamén había unha laxe do escorregadouro. O adxectivo negro fai referencia a esa fondura, que lle facía negro o fondo. Hoxe en día, e logo da eucaliptización do monte, como nos din os informantes: “o Pozo Negro xa nin é pozo nin é negro”.

Pumariño, O

Pumariño é un topónimo derivado de Pomar (lat. POMARIU, “pomme” en francés). Un pomar é un lugar onde hai moitas maceiras. Tamén é un lugar onde hai árbores froiteiras en xeral. O Pumariño son unhas folgadas que quedan entre Vales e O Cavañón.

Quiringosta (Vid. Caringosta)

Rabelo (Vid. Rabeleiro, en Vilar do Mato)

Rachadura, A

Topónimo derivado de *racha* e do verbo *rachar* “romper, escachar, separar en dúas partes, partir a madeira en rachas”, verbo procedente



Poza da Rachadura.

de *rechar, de *acha* > ASTŪLA. Hoxe en día *rachear* é meter pequenas pedras (rachas) nos buratos das pedras máis grandes dos muros, para atestalas e garantir a solidez do conxunto. A presenza destas rachas, se cadra, son as que motivan este topónimo, que se atopa en Castiñeira, entre a Cabada da Raposa e A

Raíns. Tampouco se descarta que o topónimo poida ser consecuencia dalgún movemento sísmico.

Na Rachadura temos a **Fonte da Rachadura** e a **Poza da Rachadura** (con lavadoiro).



Poza da Raíns.



Auga baixando dos Carballos do Casal.

Raíns, A

Este é un topónimo escuro. No *Amillaramento* hai rexistrado un Lugar da Raís, co que podería gardar relación, xa que podería derivar dun plural *As Raíns (pronunciado co rotacismo e seseo final típico da zona).

A **Raíns** é a zona que se atopa entre Zabarís, O Corral da Vella, O Souto e Requeixo. Nela atópanse diversos eidos e a **Poza da Raíns**, unha das últimas en ficar sen auga (no seu caso, o manancial que a surte está nos Carballos do Casal).

Rasteiro

Rasteiro, no dicionario Estraviz, é algo que se arrasta polo chan, que se eleva pouco do terreo. Aparece no *Amillaramento* como labradío e como toxal.

As veigas de **Rasteiro** están no fondo dunha pendente, entre O Souto e O Chouso. Tamén temos outro **Rasteiro** en Vilar do Mato, na zona baixa, entre As Chans e A Costa.

Redonda (A: labradío)

Do adxectivo feminino latino RETŪNDA. Este é un topónimo que, probablemente, faga referencia á forma arredondada do terreo. Mais un *redondo* tamén é un “terreo adevesado que non é común”, acepción que Elixio Rivas engade. Este sería o noso caso, xa que **A Redonda** son coutadas cerradas de varios propietarios no linde co monte de Amoe-do, mais xa nesa parroquia.

Regaloureiro

Probablemente dun Rego do Loureiro, nome dun regato en cuxo curso había loureiros. Este topónimo atópase no monte de Castiñeira, pasando O Meixoeiro e, na zona, ademais dun manancial de auga, tamén hai unha poza.

Regueiro, O / Regueiro do Porto, O / Regueiro da Porta (A: toxal)

Un regueiro é un río pequeno. Río veunos do RIVU latino, “rego” ou “canle”, pero non coñecemos aínda con seguranza a procedencia do substantivo “rego” que semella chegar desde unha primitiva base prerromana *reku, “gabia”, da que se forma RECARIU: regueiro, regato. E, como xa dixemos, un porto é un lugar con pouca auga por onde se pode cruzar un río.

O Regueiro é na Carosa, a zona que rodea o Muíño do Regueiro.

A voz *porto* procede dunha voz prerromana indoeuropea PŎRTU “pasaxe”. **O Regueiro do Porto** son as veigas que quedan a seguir de Peizás, río abaixo. Descoñecemos a localización do Regueiro da Porta.

Requeixo

Segundo o Dicionario de dicionarios, un requeixo é un “terreo que remata en costa ou baixada para entrar nunha chan”. Xa referimos máis arriba a existencia da **Chan de Requeixo**. Hai autores que o fan derivar dun étimo prerromano *rekasio, de *rĕku > rego, máis un sufixo -asio. O dicionario da RAG di que un requeixo é un “terreo en pendente que vai dar a un val”. E así mesmo é o noso, situado entre o Alto de San Martiño e A Raíns.

Revolta, A

Quizais se orixinara desde a forma latina REVOLUTA, polas voltas ou curvas nos perfís dos montes ou nos camiños. Unha revolta, ademais de ser a denominación para a “terra revolta”, ou sexa, gañada ao monte, tamén é un lugar con amplas curvas. Certamente, **A Revolta**, nome da estrada que nos une con Reboreda e que nos leva a media parroquia (a que vive en Castiñeira, sobre todo) até Redondela, ten moitas curvas. Hoxe en día, segue en boa parte sendo monte, aínda que na súa zona sur xa comeza a acoller diversas construcións: casas e alboios.

A carretera da Revolta fíxose a man. Había días que lle tocaba a meu pai, pero como el traballaba en Vigo e non podía, dicíalle a siño José o Rabioso para que fora por el, pagáballe e ía el. Pero había días que siño José tampouco podía. E entón viña e dicíalle: deixa ir a rapaza. Ela traballa tanto coma min. Déixaa ir a ela. El sabía porque eu ía con el moitas veces (atar a viña ou podar) e el sabía do que eu era capaz. Así que meu pai deixábame ir e eu ía. Acórdome de estar minando a terra contra o final, xa case chegando á de Manel. De ir cavando, aos lados do monte, para anchar a carretera. (...) Estamos a falar de mediados dos anos 50. Eu debía ter 12 ou 13 anos. Aí é cando se fixo. Pero despois non se asfaltou hasta os anos ochenta. E había sitios que, hasta que se asfaltou, cando chovía empozaba e aquilo era unha comedia. Co coche. Cando naceches ti case non damos chegado á casa de volta. Os 600 teñen o ceo gaño.



Seat 600 polas Barroncas.

Rial, O

Un *rial* é unha condución de auga para o rego, ou terreo que está á beira dun río. Di Cabeza Quiles que este hidrotónimo emparenta coa palabra latina RIVU(M) “arroyo”. E Iván Sestay di que deriva

do sintagma adxectivo latino (LOCUS) RIVALEM: “o lugar que está xunto ao río”.

O Rial é a franxa de casas e terras que divide Castiñeira de Reboreda, pola zona da Revolta.

Non hai moitos anos só había tres casas no Rial (a de Maruja, a de Julia e a de María do Rial) e a estrema entre Ventosela e Reboreda pasáballes, nalgúns casos, polo medio do eido. Ou polo medio da casa! Contan que a siña María do Xil, a estrema deixáballe a cociña en Ventosela e o forno en Reboreda.

Hoxe en día hai case unha ducia de vivendas. Porén, seguen sendo máis as terras, que se prolongan nun continuo entre as dúas parroquias.

As xentes do Rial, para nós, son veciños e veciñas de pleno dereito. Caia a súa casa do lado de Ventosela ou do de Reboreda. De feito, todas as casas da zona reciben auga da traída de Ventosela, porque a súa altura impedía que a recibisen da traída de Reboreda.

Como o propio nome non agocha, o Rial é unha zona rica en auga. A máis destacada é a **Lagoa do Rial** (Vid. LAGOA DO RIAL), mais tamén se atopan na zona as **Pozas do Rego** e a **Fonte do Vimbial**, estas últimas xa en Reboreda.

Na entrada do Rial atopamos un cruceiro: un dos máis antigos da parroquia. Desde hai décadas carece de cruz. E neste momento atópase dentro dunha propiedade privada, mais a veciñanza do lugar recórdao tradicionalmente á beira do camiño.



Cruce de ríos: desembocadura do río Campelo (á esquerda) no Alvedosa (á dereita).

Río do Muíño

Segundo nos recorda Fernando Cabeza Quiles, a palabra RIVUS, que orixinou o hidrotópónimo “río”, tiña en latín, ao contrario de hoxe, o significado de rego ou corrente de auga de pequeno tamaño; para un río grande utilizable a voz FLUMEN.

Como xa expliquei, este é o nome que recibe o río do Regueiro (Río Cam-

pelo) no seu tramo final, antes de unirse ao Alvedosa. Este topónimo sinala tamén os terreos arredor dos muíños da Ponte e das Xastras (Vid. MUÍÑO DA PONTE e MUÍÑO DAS XASTRAS).

Roufes



Leiras de Roufes.

Este é un topónimo escuro. Na *Toponimia de Candeán* hai un RE-GOUFE, nome xermánico derivado dun antigo posuidor RECAUL-FUS, mais descoñecemos a orixe deste noso Roufes, que é o nome das veigas situadas entre A Viñiña, O Codesal e O Chouso. Na zona está tamén a **Poza de Roufes** e as Leiras de Roufes. Ao final das **Leiras de Roufes** atopamos o **Pozo Rabelo** (Vid. RABELEIRO).

Salgueiral

Un salgueiral é un lugar onde hai salgueiros: árbore da familia das salicáceas, de folla caduca, propia de lugares húmidos, da que existen numerosas especies, case todas de ramas longas e flexibles e de follas lanceoladas e tomentosas. O **Salgueiral** é a zona que queda por embaixo das veigas de Roufes, lindando co Cadaval.

San Lourenzo

San Lourenzo é, coma San Martiño, un haxiotopónimo: topónimos derivados do nome dun Santo. San Lourenzo morreu asado nunha

grella no ano 258, reinando o emperador Decio. **San Lourenzo** son as leiras que quedan entre Vales e O Barcelo. E, aínda que nada teña que ver co topónimo, si se pode dicir que son uns terreos moi solleiros.

Sobreiro (Vid. Sobreiro, en Vilar do Mato)

Sobreiro está nas Barroncas, entre Balaído e Prado.

Souto, O

Do latín *SALTU*, un souto designa un bosque mixto, un pastizal ou, máis comunmente, un lugar con moitos castiñeiros. Nós temos dous soutos na parroquia: un simple, **O Souto**, que é un lugar onde hai ou houbo moitos castiñeiros, e un composto, **Souto de Agrelo**, con sentido de terreo cultivado, que é a definición de *agrelo*, diminutivo de *agra* (agro grande).

O Souto sitúase entre A Raíns e O Chouso. **Souto de Agrelo** está entre A Pereira e Os Carballos do Casal.

Tortiñas, As

As Tortiñas é un topónimo que deriva de *torto-torta/s*: algo que non está dereito, do verbo latino *TÖRQUÈRE* “dobrar”, “torcer” (en latín vulgar *TÖRCÈRE*). Imaxinamos que fai referencia á orografía do terreo, cando este estaba escampado e podía contemplarse a súa ondulación.

As **Tortiñas** localízanse entre O Lagoeiro e A Porteliña. Na zona tamén temos **A Chan das Tortiñas** e **Os Pozos das Tortiñas**.

Toxales da Cova, Toxales de Bouces, Toxales de Campelo, Toxales do Meixoeiro, Toxales de Regaloureiro...

Un *toxal* é un lugar onde hai toxo: arbusto espiñeiro da familia das leguminosas moi abundante na flora galega e característico do noroeste da península Ibérica. A orixe desta palabra é prerromana e só se emprega en Galiza e as súas zonas limítrofes. O seu plural en -ES é o propio da nosa subárea suroccidental, forma que segue hoxe viva, así

como o costume, vivo aínda máis en claro retroceso, de ir ao toxo para estrar as cortes e así, mesturado cos escrementos dos animais, facer un abono de excelente calidade para os distintos cultivos.

Vales

A forma *vales*, é o plural de val, do latín VALLIS, lugar a carón dun río e bañado por el, ou lugar fondo no que conflúen un ou varios montes e cara ao que verten as súas augas, que é a definición que máis lle acae aos nosos Vales. En latín esta palabra era de xénero feminino.



Veigas de Vales.

Este xénero conservouse na maioría dos romances agás en castelán, francés, portugués e galego, onde mudou ao masculino, posiblemente polo influxo de MŌNS-MONTIS (o monte).

As veigas e toxais de **Vales** quedan entre O Cruceiro e O Pumariño.

Veiga

Veiga considérase unha voz prelatina, crese que do ibero vaika “veiga”, da voz vai “río” e o sufixo -ka “rexión do río” ou na expresión (terra) *(i)baiKa “terreo á beira dunha corrente de auga”, emparentada coa voz vasca ibai “río”. En case todos os dicionarios aparece como terreo fértil, plano, húmido e de grande extensión.

En Ventosela temos ducias de topónimos compostos con VEIGA: as **Veigas da Pedra**, **A Veiga do Eido**, **As Veigas de Arriba**, **As Veigas de Abaixo**, **A Veiga do Pozo** (A: Labradío)...

Verde Nabal, O / Pozo do Verde Nabal

Verde, do latín VIRIDE, designa un lugar con moito e moi bo pasto. Sinónimo de fértil e vizoso. E un nabal é onde se plantan nabos (lat. NAPU): planta comestible da familia das crucíferas, de raíz grosa e carnosa de cor abrancazada, da que se aproveitan, ademais da raíz, as nabizas e os grelos.

O Verde Nabal é a zona que queda a seguir da Poza grande, no Depósito novo. Nesa zona atópase tamén o Pozo do Verde Nabal.

Vilar / Vilar dos Canos / Vilar do Medio (A: labradío) / Vilarchán (A: monte)

Un *vilar* é un lugar habitado (do latín medieval VILLARE, derivado de VILLA). Mais tamén pode ser “conxunto de terras de labradío, cerradas ou pertencentes a varios donos”. Segundo o Dicionario de dicionarios, un *vilar* pode ser un lugar habitado, un terreno de laboura e mesmo un campo en barbeito despois de ter recollido o froito.

Todas estas acepcións poden acaerlle ao noso **Vilar**, terreo situado entre os Pardiñeiros e As Tortiñas. Ten sentido que este fose un primitivo asentamento humano na parroquia. Podemos imaxinar eses primeiros poboadores e poboadoras da Idade do Bronce (1.700-2.000 a.C.) habitando esa conterna e facendo os gravados rupestres da Pedreira, hai catro mil anos. Ese asentamento tería dado lugar ao topónimo, de orixe romana (e, polo tanto, moi posterior), de Vilar. Estes antepasados poderían ter habitado esa zona un tempo e teren baixado logo na procura de vales máis fértiles.



Folgadas de Vilar.

Hoxe en día, as **Veigas de Vilar** son unhas utilísimas folgadas que teñen feito de cortalumes nos últimos grandes incendios da parroquia. De aí que, se algunha flora e fauna máis ou menos variada quede no monte, haxa que buscala neses lugares que, de milagre, se preservasen dos lumes, como é o caso de Vilar e Bouces. Para Vilar tamén temos o topónimo **Vilar dos Canos** (do latín CANNU), probablemente por descenderen polas súas beiras varios regos e canalizacións de auga. Non temos localizado o topónimo Vilarchán, hoxe en día, na parroquia.

Viñiña, A / Viña do Souto / Viña Blanca

Unha viñiña é unha viña pequena. Para máis información vid. VIÑAS, en Vilar do Mato.

A **Viñiña** queda entre o Chouso, A Laxiña e Roufes. Nela atopamos a **Poza da Viñiña**, que está pegada á **Poza de Roufes**.

A **Viña do Souto** queda no Souto, entre A Raíns e O Chouso. E A **Viña Blanca** queda entre o Corral da Vella e San Lourenzo.

Xesteira, A / Xestal, O (A)

Xesteira e Xestal son dous topónimos derivados de xesta, que á súa vez vén do latín vulgar *GENĒSTA, do latín clásico GENISTA. Designa un lugar onde hai moitas xestas, arbusto moi común en Galiza e que aquí podían atoparse con flores de dúas cores: amarelas (a máis común) e brancas.

A **Xesteira** son as veigas que quedan a seguir do Campo, xa no Cadaval, mais propiedade de moitos veciños/as de Castiñeira. A día de hoxe non temos localizado o topónimo Xestal.

Zabarís

A falta doutra explicación, copiamos a que se dá para o topónimo Sabarís (Baiona), grafía do noso topónimo que tamén atopamos no *Amillaramento*. A confusión z/s é común en zonas de seseo, aínda que, como xa explicamos, o noso seseo é implosivo ou final e, polo tanto, non afectaría, hoxe en día, a esta palabra. Mais, noutras épocas, si puido facelo.

Diversas fontes apuntan á orixe xermánica, sueva, do topónimo Sabarís, que derivaría dun *Villa Sabaricii*, como nome propio do que derivaría. A palabra sueva *Sabaricii* deriva de: Sabaria (lugar) + ric o rik (jefe) + -ii (pertencente a) = Sabaricii > Sabariz > Sabarís. Dinos

Gonzalo Navaza que *Sabaricus* (e Sabarigo en galego) foron nomes medievais de orixe xermánica relativamente comúns. Sabarís significaría “de Sabarigo”.

Zabarís é un val no que hai terras de labradío, regadas polos **Pozos de Zabarís** (un máis grande e outro máis pequeno). No mesmo lugar dos pozos temos, acondicionado nos anos 90, a **Fonte de Zabarís** (que antes se atopaba un pouco máis para arriba) e un lavadoiro.



Zabarís (fonte con lavadoiro e pozos).

Topónimos de Castiñeira sen localizar

A continuación, indicamos unha serie de topónimos atopados no *Amillamento* de 1948-49, situados como de Castiñeira, mais que hoxe en día xa non nos foi posíbel localizar. Se alguén soubese deles, agradecemos que nolo fagan saber:

Barreira (A: labradío) / Barreiro (A: viña) / Barreiros (A: labradío) / Barroso (A: labradío)

Indica Gonzalo Navaza que barreira pode vir de barra, e polo tanto significar calquera impedimento para o paso. Ou pode vir de barro + os sufixos abundanciais -eiro/a, e polo tanto, ser un lugar onde hai ou de onde se extrae o barro (palabra prerromana), empregado na olería ou na construción.

Barriño Blanco (A: monte)

Todo faría indicar que este topónimo vén tamén de barro e que, xa que logo, indicaría un lugar onde abunde o barro máis claro, ou case branco. Mais a min faime pensar no carrasco barriño: un tipo de carrasco algo máis alto. Este topónimo, pois, podería tamén referir un

lugar no monte abundante nesa planta, que pode ter as flores lilas (as máis comúns), amarelas ou brancas.



Carrasco Barriño.

As nosas informantas, pola contra, tamén nos falaron dun *carrasco barriñón* (que vén podería derivar de barriño), que nacía nas pedras e que eran bos para cocer o pan. Contaban que as nais as mandaban apañar neles coa fouza. E aquí abrimos paréntese para presentar este desaparecido instrumento de labor, de punta mocha, e que era ideal para apañar carrascos e outros tipos de plantas de raíz dura. Tamén se usaba para rebouzar: isto é, limpar as rebouzas (pequenas elevacións do terreo que marcan as estremas).



Fouza.



Carrasco

O carrasco (segundo Sarmiento, do latín CAREX-CARICIS), na definición do dicionario da RAG, é un arbusto da familia das ericáceas, de follas perennes e lanceoladas e flores en acio de cor púrpura, rosácea ou branca, do que existen varias especies. Martín Sarmiento tamén lle engade as flores amarelas, e dá distintos nomes ao longo do territorio galego: *carrasco* ou *carrasca* na zona de Pontevedra, *torgo* pola zona de Santiago, *carrucho* no Salnés e *queiruga* no resto do territorio. Tamén di que se lle chama carqueixa, aínda que nós aquí distinguimos o *carrasco* (ERICA CINEREA) da *carqueixa* (GENISTA TRIDENTATA).

Bouza da Marca (A: toxal)

O topónimo Bouza da Marca atopámolo no *Amillaramento*, mais ningún veciño/a soubo darnos conta dela. Unha marca (do alemán *mark*) di o Estraviz que é, entre outras moitas acepcións, “fronteira, límite”.

Braña (A: monte)

Segundo o dicionario da RAG, unha *braña* é un terreo moi húmido que pode ser prado ou monte baixo. No noso caso está rexistrado como monte. Segundo Cabeza Quiles, aínda que tradicionalmente se pensaba que procedía do latín **veranea* ou **verania*, por seren as *brañas* lugares onde pastaba o gando polo verán, o feito de presentar B- inicial en todas as épocas fai pensar nunha base prerromana. A Braña máis cercana que atopamos está no monte de Reboreda, mais certamente na estrema con Ventosela, a seguir de Xan Garrido.



Braña no monte de Reboreda.

Cabaleiro (A)

Un *cabaleiro* (do latín CABALLARIU) é un home a cabalo ou o que pode ir á guerra en cabalo. Tamén é un apelido. Este topónimo pode, pois, referirse á condición ou ao apelido de quen posúe o terreo. Nalgunhas zonas de Galiza, levan este nome pedras encabalgadas: isto é, unha sobre outra de forma natural. Descoñecemos se ese é o caso do noso topónimo, xa que non o puidemos localizar.

Carolina (A)

Este topónimo debe referir á propietaria do mesmo, de nome Carolina.

Cocho (A: labradío)

Varias son as acepcións para este topónimo. Na maioría de Galiza *cocho* é sinónimo de porco. Mais, entre nós, a acepción máis habitual de cocho (lat. COPULU) é a de “lugar para durmir”, tanto sexan animais como persoas. E tamén a de agocho, lugar protexido. Aínda hoxe, entre nós, acochar un neno é facelo durmir.

Acocha nenño

Acocha ron ron

Acocha nenño

Que aí vén o cocón

No Dicionario da RAG un cocho é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais”. No Dicionario de dicionarios, Eladio Rodríguez tamén indica como acepción de cocho a de “Trozo pequeno de un terreno labradío que se dedica a outro cultivo”. E, con este sentido de lugar estreito, tamén atopamos unha acepción cocho como carreiro, atallo.

Coroza (A)

Segundo o dicionario da RAG, unha *coroza* (lat. COROCEA) é unha capa con carapucho confeccionada con palla de centeo ou con xuncos, utilizada para protexerse da chuvia. Sinónimo de *coroza* é *caroza*.

Fonte da Meca (A: prado e monte)

Non sabemos onde se atopaba esta fonte, mais non descartamos que poida tratarse da Fonte da Merda (por enriba do Meixoeiro). *Meco* e *Meca*, segundo diversos dicionarios, son persoas ás que lles falta a visión dun ollo, ou ovelas que teñen as orellas caídas ou que lles falta unha.

Hortiña (A) / Hortiñas (A)

Unha horta (lat. HORTUM) é un terreo de pouca extensión, e normalmente pegado á casa, onde se cultivan verduras, legumes, hortaliças e tamén, nalgúns casos, árbores froiteiras.

Largo de Carros (A: monte)

Este topónimo é transparente: un *largo* (lat. LARGU) é un terreo amplo, extenso, ancho. Que sexa de *carros* pode indicar que por onde pasaban os carros e que, pola súa largueza, podía dar para ver varios pasando á vez. Ou tamén podía ser onde se cargaban os carros, un elemento fundamental da nosa antropoloxía cultural xa que, durante séculos carretaron desde o monte o que daquela garantía a vida: pedra e madeira para facer as casas, leña para quecelas e toxo para facer o abono que garante os cultivos.

Outiño dos Salgueiros (A)

Deste topónimo destacamos *Outiño*, como diminutivo de *outo*: lugar alto, elevado. Un adxectivo que tamén atopamos noutros topónimos da parroquia como Os Picoutos (pico alto). E que se mantén vivo aínda en voces como petoutos (pedra alta).

Pergas (A: labradío)

Non sabemos nada sobre a orixe deste topónimo, nin sobre a súa localización.

Prado (A: labradío)

Do latín PRATU, un prado é un terreo de regadío que produce herba para o gando.

Rabeta (A: labradío)

Este é un topónimo derivado tamén de *rabo*, como diminutivo, e que faría referencia á forma do terreo, na zona do Pozo Rabelo.

Racheleira Grande (A: labradío) / Racheleira Pequena (A)

Ignoramos a procedencia deste topónimo, mais pode derivar de *racha* / *rachar*.

Repinaldeiro (A: labradío)

Un repinaldeiro é a árbore que dá repinaldos, variedade de mazá de forma alongada, vermella, carne fariñenta e sabor doce, moi abundan-



Repinaldos señoritos.

te na parroquia, na que tamén se recoñece a variante *repinaldo señorito*.

Ribada (A: labradío)

Segundo o dicionario da RAG unha ribada é a acumulación de terra nas estremas dos terreos: o que entre nós coñecemos máis como *rebouza*. Tamén é unha pendente de terreo á beira dun río. No Estraviz tamén se inclúe a acepción de “Esbarrigamento de um muro ou de um socalco por mor de uma torrente de agua. Enxurrada, enchente”.

Torneiros (A: monte)

No Dicionario de dicionarios defínese torneiro como “lugar en el que se desvía el agua de una acequia; V. tb. torna 1 y tornadoiro”.

Urres (A: toxal)

Non sabemos nada deste topónimo, nin o temos localizado.

Verzas Novas (A: toxal)

Do latín *VIRDIA, VIRIDIA de VIRIDE, unha verza é, segundo o dicionario RAG, a folla da col e, por extensión, a planta da col.



Verzas con canastro típico da zona.

Topónimos de Vilar do Mato

Como algúns dos topónimos de Vilar do Mato coinciden, na súa explicación etimolóxica, con topónimos de Castiñeira xa descritos, remitimos a estes, para non duplicar explicacións.

Agrelas, As



Cruceiro e fonte das Agrelas.

Agrelas vén do latín AGRU + o sufixo diminutivo -ELLA: unhas agrelas son terreos cultivados pequenos. Xa indicamos, na introdución, a antigüidade do sufixo -ela/o como diminutivo. Segundo o profesor Gonzalo Navaza deixou de ser operativo a finais da Idade Media, a favor de -iño/-iña.

As **Agrelas** son os terreos que quedan a ambos lados da estrada que continúa desde A Revolta e que sobe até A Igrexa. Se entendemos que esa estrada fai lindeiro entre ambos barrios da parroquia, As Agrelas é un topónimo de Castiñeira e mais de Vilar do Mato.

Alargo / Alargo do Río / Alargo do Muíño

O topónimo Alargo é transparente e indica unha prolongación de algo, na súa orixe, dos terreos cultivados a carón do monte. No dicionario Estraviz atopamos a definición de alargo como terreo de cultivo ou parcela que está no monte e destaca pola súa extensión.

Os toxais do Alargo quedan a seguir da Coutada. Por embaixo da Poza do Curuto.

Barronca, A / Barroncas / Barroqueiro (A) / Barronqueira (A) / Barrunqueira (A) (Vid. Barroncas, en Castiñeira)

A Barronca ou As Barroncas son os terreos que están entre O Campo e As Patelas.

Cachopeira

Segundo o dicionario da RAG, un cachopo ou unha cachopa é un tronco dunha árbore a medio secar, ou o anaco de tronco que queda na terra logo de cortada a árbore. No Dicionario de dicionarios atopamos tamén as acepcións de: “Tronco de árbol grueso y viejo con ramaje” e “lugar á beira dos ríos onde quedan ao descuberto as raíces das árbores”.

Entre nós, pola contra, unha cachopeira é tamén o terrón que acolle un inxerto. Se cadra o nome deriva do corte que se lle adoita facer a unha póla para, a continuación, introducir a nova puga.

A Cachopeira é cerca da Fonte dos Tres Abades, na estrema entre Ventosela, O Viso e Cesantes.

Camiño (Vid. Camiño, en Castiñeira)

Camiño da Catuxa

Catuxa é o diminutivo galego de Catalina. O Camiño da Catuxa queda entre A Chan e o Camiño da Costa, e vai dar á Fonte da Catuxa ou dos Tres Abades.

Camiño da Costa (Vid. COSTA)

Campo, O / Campados (A) (Vid. Campo, en Castiñeira)

O **Campo** son as veigas que quedan entre As Barroncas e As Veigas de Arriba (pola zona da Chan, cara ao Viso). Nesa zona tamén se atopa a **Poza do Campo**. E tamén temos os topónimos **Campo de Arriba** e **Campo de Abaixo**. Non temos localizado, hoxe en día, o topónimo Campados.

Caramboleira, A / Caramboleiro

Segundo sinala Gonzalo Navaza para o topónimo Carambola, de Reboreda, do que Caramboleira sería un derivado, debe ter a súa orixe na raíz prerromana CAR- que designa pedras, penedos e formacións rochosas.

Caramboleiro, en Vilar do Mato, é o nome do regato principal do barrio, onde se sitúan os muíños da Velasca. E tamén é o nome da fonte, **Fonte da Caramboleira**, que tamén se coñece como Fonte das



Fonte da Caramboleira ou das Paridas.

Paridas e da poza, a **Poza da Caramboleira**, que acolle a auga para os muíños, polo que tamén se coñece como a **Poza do Muíño**.

Esta fonte, no alto do Eido de Arriba é, aínda hoxe, moi visitada por veciños da parroquia e de fóra pola frescura e calidade da súa auga. A denominación de **Fonte das Paridas**, segundo lemos nun libriño con *Historias e Lendas de Ventosela*, editado pola Asociación de Veciños de Ventosela no

ano 2008, débese a que a súa auga se consideraba boa para a fertilidade. Dubidamos desta explicación, mais nós non atopamos ninguén en Vilar do Mato que nos soubese dicir o porqué desta denominación. Así que, a falta de outra, nós imaxinamos que lle chamasen Fonte das Paridas porque a calidade da súa auga axudase as mulleres a recuperarse no delidado momento do posparto.

Sexa como for, como digo, hoxe en día, a **Fonte da Caramboleira** segue a ser moi visitada na procura da súa auga.

Carballeira, A (Vid. A Carballeira, en Castiñeira)

A **Carballería** son uns toxais que quedan entre O Regueiriño e A Miñoteira.

Catuxa, A

Como xa indicamos, Catuxa é diminutivo galego de Catarina. O **Camiño da Catuxa** é o que leva ao **Monte da Catuxa** e á **Fonte Catuxa** (ou Fonte dos Tres Abades). Atópase na parte baixa de Vilar do Mato, entre A Chan e A Costa, facendo lindeiro co Viso e Cesantes.

Chan, A / Chan das Barrecas (A: toxal)

A palabra chan procede do latín PLANA(S), que palataliza o PL- inicial en ch-, e designa unha pequena chaira situada nun alto ao que se accede por unha pendente. Refírese a extensións de terreo chas, no galego occidental chans. No noso galego dialectal, ademais, conflúen o masculino e o feminino na mesma forma: o chan / a chan. Así, atopamos topónimos como “**O Chan dos Vimbios**” (Castiñeira) e “**A Chan**” (Vilar do Mato).

Calquera terreo chan, sobre todo no monte (lonxe dos ollos parentais) era propicio para que os máis pequenos se desen ao xogo das *canículas* (a nosa versión da billarda). Así contáronnos de xogalas na Chan das Tortiñas e na Chan de Cerquido (os nenos/as de Castiñeira) ou na Chan das Pedras Agudas (os/as de Vilar do Mato).

Xogaban ás canículas de terra e de aire. Ás primeiras xógase poñendo un pau no chan (apoiado nunha pedra ou noutro pau, para que quede medio erguido) e co outro báteselle na punta para que se erga e poder darlle. Esas son as canículas do chan. E as do aire xógase con catro xogadores: dous por equipo. Fanse dous buratos no chan, un en cada lado, e detrás deles sitúan os dous xogadores. O xogo consiste en tirarlle a canícula ao contrario, e que

o noso compañeiro tente collela e metela no burato contario. Gaña o que máis paus mete: 100 paus eran un cabaleiro (o que nos dá a medida da intensidade coa que se xogaba ás canículas, no monte da nosa parroquia, nos anos 40, 50 e 60, que é até onde as memorias nos contan).

Tamén se xogaba á *Raiña de Pedra* (o actual tres en raia): con pedras brancas e morenas. E aos *Pelouros*: xuntábanse nove pedras pequenas, tirábase unha ao aire e, mentras, collíase unha do chan. Gañaba o que conseguía coller as nove.

Costa, A / Costa do Xil, A / Camiño da Costa

Costa vén do latín COSTA e designa un lugar en pendente.

O **Camiño da Costa** é o topónimo que aparece no *Catastro de Ensenada* como lindeiro noroeste da parroquia (daquela de Reboreda, hoxe de Ventosela) con Cesantes. Queda a seguir da Chan, descendendo cara a Cesantes.

A **Costa do Xil** é o tramo final da Revolta, antes de chegar ás Agrelas, e fai referencia ao nome do propietario dun eido na zona: o Eido do Xil.

Cotacha, A (Vid. Cotes, en Castiñeira)

Derivado e diminutivo de coto, da raíz prerromana COTT- “prominencia, altura” ou mesmo elevación rochosa de pequenas dimensións. A Cotacha e O Cotiño (ou A Cutiña) son lugares elevados.

A **Cotacha** é a zona de Vilar do Mato que queda no alto, entre o Moucheiro e A Igrexa.

Coutada, A / Coutada da Poza (A)

Coutada vén do verbo coutar, a partir de couto, en latín CAUTU: “protexer, defender, coidar”. Un couto, xa que logo, é un territorio delimitado e con dereitos de propiedade. Normalmente parcelas do monte que foron privatizadas nos lindes co monte comunal.

A **Coutada** son os terreos de Vilar do Mato que quedan entre o Eido de Arriba e a Igrexa. O topónimo **Coutada da Poza** indica que na zona atopamos **A Poza da Coutada**.

Cortiñas

Diminutivo de *corte* (do latín COHORS-COHORTIS): lugar cercado, en principio para a cria de animais, mais tamén pode ser para o cultivo. As **Cortiñas** quedan por enriba das Toxeiras.

Curtizos, Os / Cortizos, Os

A cortiza é a casca do corticeiro, árbores que noutras zonas de Galiza chaman sobreira (*Quercus suber*). O substantivo cortizo ou corticeiro procede do latín CORTĪCĒU, é un sinónimo de colmea (descrito máis arriba), e designa os recipientes feitos da casca do corticeiro para acoller as abellas para que fagan nel o mel.

O mel formou parte da economía familiar tradicional, así como da alimentación básica durante séculos. E era rara a familia que non tivese corticeiros dos que alimentarse. Hoxe en día, os corticeiros están desaparecidos na parroquia, onde hai anos que xa foran substituídos por colmeas de metal. E mesmo estas desapareceron tamén, tras a chegada das velutinas.

Gonzalo Navaza diferencia, na *Toponimia de Catoira*, os topónimos derivados de Cortizo (onde habería presenza das colmeas) do topónimo Sobreira (ou derivados), onde o que teríamos sería a árbore. No noso caso, contamos con ambos os topónimos, un ao carón do outro, polo que poderíamos chegar á mesma conclusión.

Os **Curtizos** ou **Cortizos** atópanse no monte do Eido de Arriba, por enriba da Coutada.

Da Banda, A

A palabra *banda* é de orixe incerta, posiblemente do gótico BAND-WO “lado, beira”. A RAG defíneo como “territorio máis ou menos amplo situado á beira e nas proximidades dun río, ría, accidente xeográfico etc.”. Sería polo tanto sinónimo de *beira*. No noso caso, **A da Banda** son os terreos que se atopan entre a Herbadiñeira e o Eido María.

Devesa do Abade / Devesiña

Unha *devesa* (do latín DEFENSA, verbo “defender” ou “prohibir”) é un terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado, ou sexa, con algún tipo de restrición.

Segundo nos conta Anxo Rodríguez na *Toponimia de Comesaña*: “Desde o século XV moitas das antigas devesas comunais pasaron a ser patrimonio real, e aínda que continuaron tendo un uso comunal nelas non se permitía extraer a leña nin o pasto. Foron nun principio lugar de extracción de materia prima para a construción de barcos da armada e, desde o século XIX, para as travesas do ferrocarril”. De aí que haxa moitos topónimos compostos con Devesa do rei

ou Coutada do rei. Porén, en Ventosela non rexistramos ningún. Só o **Lugar da Reina**. Mais descoñecemos se ten esta mesma explicación, xa que no *Amillaramento* aparece descrito como labradío.

Tamén compre non esquecer que ese topónimo, castelanizado, podía corresponder a un Raíña galego. E que, este Raíña, como tal, podía tamén facer referencia a unha raia pequena: unha división do terreo, unha linde.

O topónimo da **Devesa do Abade** localízase na zona da Igrexa, no Alto de San Martiño, cara a Vilar do Mato. Contáronnos que esa Devesa formaba parte do Quiñón do Abade. E que, nun momento determinado, o cura anterior quixo rexistralo a nome da Igrexa, mais os veciños impedírono, recuperando ese terreo para o monte veciñal.

A **Devesiña**, tamén en Vilar do Mato, é o nome dos terreos en fronte da que foi tenda de Guedola⁷ e Jacinto.

Eido (Vid. Eido, en Castiñeira)

En Ventosela, e especialmente en Vilar do Mato, **Eido** é un componse moi recorrente de topónimos compostos. Así temos: **O Eido de Arriba**, na zona máis alta de Vilar do Mato, e o seu correspondente **Eido de Abaixo**, na zona máis baixa. **O Eido de Alá** (na zona da Miñoteira), **O Eido da Pequena** (por embaixo do Eido de Arriba), **O Eido Pequeno** (A: Toxal) ou **O Eido Vello** (lindando coa Nogueira).

E tamén temos o **Eido María**, o **Eido de Blas**, o **Eido da Mariqueta** (na Chan), o **Eido de Xan** (A: Toxal), o **Eido do Nuno** e o **Eido de Garrido**. Deste conxunto de eidos acompañados de nomes ou apelidos de persoa, destacamos o de Mariqueta, derivado de Marica, diminutivo de María. Ou o de Xan e Nuno, nomes comúns no pasado e hoxe en vías de recuperación.

E tamén temos o **Eido da Sangra** (A), sen localizar hoxe en día. O Dicionario de dicionarios e no Estraviz definen *sangra* como póla de piñeiro serrada ou zanxa para desaguar.

Eido de Garrido / Pozo de Garrido

Este é un topónimo composto de Eido (Vid. EIDO, en Castiñeira) e Garrido. Garrido é un apelido que reproduce o adxectivo homónimo: garrido “gallardo, de boa presenza física”.

⁷ Nome (hipocorístico) co que se coñecía á propietaria: Águeda Soto Miguez.

O topónimo **Eido de Garrido**, en Vilar do Mato (entre o Regueiriño e a zona alta do monte), inclúe tamén o **Pozo de Garrido**. En Castiñeira tamén temos a **Ponte de Xan Garrido** (Vid. PONTE DE XAN GARRIDO), mais descoñecemos se se trata do mesmo propietario.

Eido de María

Este é un topónimo transparente, que se atopa entre a Chan e Fontecova.

Eixoán / Eixuán / Eidoxoán

Eixoán é un topónimo que resulta da crase de Eido de Xoán > EidoXoán > Eixoán.

O **Eixoán** atópase entre o Eido de Arriba e As Patelas. Nesa zona está tamén a **Poza do Eixoán**.

Eira Vella

Segundo o dicionario da RAG, unha eira é un “sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes, etc.” A **Eira Vella** está entre O Eido de Arriba e A Veiga do Eido.

Fonte (Vid. Fonte, en Castiñeira)

Do latín FŌNTEM, unha fonte designa un nacemento de auga natural, sen intervención humana, ou a construción de pedra, con cano e pía, que fornece auga conducida dunha mina ou dun manancial.

En Vilar do Mato temos a **Fonte Alta**, onde está situado o Depósito de auga de Vilar do Mato, a **Fonte da Caramboleira** ou das **Paridas**, a **Fonte das Toxeiras**, a **Fonte da Herbadíñeira** e a **Fonte**



Fonte das Toxeiras.

Catuxa ou **Fonte Dos Tres Abades**, hoxe arruada, na estrema entre Ventosela, Cesantes e o Viso, de aí a denominación dos “tres abades” (un por cada parroquia). As fontes das Toxeiras e da Herbadiñeira teñen pozo e lavadoiro.

Relacionado con este topónimo tamén temos **A Fontiña** (fonte pequena), **Fontecova** (fonte ou manancial situado nun lugar deprimido, covo ou profundo) e **Fontevirtú** (na estrema entre Ventosela e Cesantes).

Fontecova

Fonte ou manancial situado nun lugar deprimido, covo ou profundo. A **Fontecova** sitúase por embaixo do Monte da Miñoteira, e vai dende A Herbadiñeira até A Revolta (xa no linde entre Reboreda e Cesantes). Este topónimo distingue entre a **Fontecova de Arriba**, onde atopamos a **Poza da Fontecova**, e **Fontecova de Abaixo**, xa lindando co **Eido María**.

Garouxa

No Dicionario de dicionarios atópase a acepción de *garouxa* como vaca, en sentido informal. Gonzalo Navaza explica para o topónimo Garonda, de Reboreda, que a raíz GAR- pode ter orixe prerromana e sinalar lugares pedregosos ou desniveis no terreo. Calquera delas lle pode acaer ao noso topónimo, xa que **A Garouxa** se atopa entre A Coutada e a Igrexa, na zona alta.



Fonte da Herbadiñeira.

e poza no medio do barrio de Vilar do Mato (entre a de Guedola e a Miñoteira).

Herbadiñas (A) / Herbadiñeira / Fonte e Poza da Herbadiñeira

A aparición no *Amillaramento* do topónimo *Herbadiñas* bota algo de luz sobre o topónimo escuro da *Herbadiñeira*, que acolle leiras, fonte



Igrexa de San Martiño de Ventosela.

Presas, formando un regato que desemboca no río Pexegueiro, xa en Cesantes. Non puidemos localizar o topónimo **Herbadiñas**.

Igrexa, A

Do latín ECCLESIA, na antigüidade grega unha igrexa designaba a reunión de sabios. Logo aplicouse ás xuntanzas dos cristiáns e rematou designando o edificio para o culto. Como xa indicamos ao comenzo, a Igrexa de Ventosela e a estrada que lle dá acceso marca a extrema entre os dous barrios da parroquia: Castiñeira e Vilar do Mato.



Casa do cura.



Entrada do cemiterio.

De estaren emparentados, derivarían ambos de *herba* (lat. HERBA) e farían referencia a terras con moita herba, como hoxe aínda se constata, ao estaren nunha zona baixa e ben regada.

Na **Herbadiñeira** nace a auga. E descende por ela abaixo até as

A igrexa de Ventosela está consagrada a San Martiño e, arredor dela, as terras chámanse o Alto de San Martiño. Aínda que en tempos o adro da Igrexa era o lugar onde se celebraba a festa da parroquia (o magosto, o 11 de novembro), desde hai décadas, esta celebración trasladouse ao Monte da Miñoteira, que conta cunha maior extensión e facilidade de acceso.

Por embaixo da Igrexa atópase **O Eido** e a **Casa do Cura**. Aínda que a casa está deshabitada desde hai décadas e en estado case ruinoso, o eido acaba de ser plantado de froiteiras.



Casa da Escola e Cruceiro.

A carón da igrexa, do outro lado da estrada, atópase **O Cemiterio** (do ano 1909). Este ten dúas partes ben diferenciadas, a máis antiga (na entrada) e unha ampliación máis nova, dos anos 90, a seguir.

A continuación temos **A Casa da Escola**⁸, unha unitaria aínda en funcionamento, e o seu terreo circundante. E, tamén temos un cruceiro nunha praza, arredor do que se procesiona o día do patrón.

Laxeal, O / Laxeiro (A: toxal e frutais)

Laxeal e Laxeiro son topónimos derivados de laxe. Unha laxe é unha pedra alisada e de grandes dimensións, que aflora nun terreno sen sobresaír del. É un topónimo de uso frecuente na toponimia de Galiza. *Laxe* é unha palabra de orixe prerromana, probablemente céltica (LAB, “esvarar”), que se incorporou ao latín como LAGENA. Un *laxeal* sería, pois, un lugar onde hai moitas laxes.

O Laxeal é o nome do monte que separa Ventosela, polo Norte, de Moreira (Concello de Soutomaior). Este linde da parroquia é tamén o seu punto máis alto, e xa se contemplaba no *Catastro de Ensenada*, cando aínda Ventosela non se separara de Reboreda. Descoñecemos, hoxe en día, a localización do topónimo **Laxeiro**.

⁸ Pode consultarse máis información no libro de Ventosela, primeira tol, xa referenciado.

Loureiros

Este é un topónimo transparente, do latín vulgar LAURARIU “loureiro” (clásico LAURU), que fai referencia á presenza de loureiros na contorna. O loureiro (*Laurus nobilis*), árbore da familia das lauráceas, de copa baixa, follas perennes, lanceoladas e coriáceas, moi empregadas como condimento, é unha árbore moi común entre nós.

Loureiros son os terreos que quedan entre A Veiga do Eido e O Campo.

Mellora A / Millora, A

Segundo o dicionario da RAG, a *mellora* é a parte da herdanza que se lle deixa a un herdeiro ou herdeira, a maiores da que lle corresponde por lei (a lexítima). Nos tempos do patriarcado, esta mellora adoitaba corresponderlle á filla que ficaba na casa ao coidado dos pais.

A **Mellora** (ou Millora, con pronuncia máis fechada) está entre A Veiga do Eido e A Patela.

Monte da Costa / Monte da Miñoteira / Montinho, O

Un *monte* (do latín MONS, -TIS) é unha elevación do terreo, cuberta de vexetación. Un *montiño* é un monte pequeno. E Costa (do latín CŎSTA “costa, terreo en pendente”), é un topónimo orográfico, que fai referencia á xeografía do terreo.

O **Monte da Costa** atópase na zona máis baixa de Vilar do Mato, entre A Catuxa e as Presas, facendo linde con Cesantes.



Cultural da Miñoteira.

Miñoteira é un zootopónimo que fai referencia a un lugar abundante en miñotos (ou miñatos): nome dunha ave de rapiña (*Falco milvus*). Hoxe en día, aínda se poden ver miñotos na Miñoteira. Os seus voos e os seus chíos danlle vida a un monte, que xa cada vez é menos variado en especies vexetais e animais.

Eu nunca lle oín a ninguén falar dos miñotos referíndose ás aves. Mais si escoitei de maneira viva referirse a alguén con poucas luces, que non se entera, coma un “miñoto”.



Cafetería da Cultural.

A **Miñoteira** hoxe en día é o nome tamén da Casa da Cultura de Ventosela. Un centro sociocultural e deportivo, que se inaugurou en 2004⁹, e que dinamiza a vida social da aldea, toda vez que, hoxe en día, é a única cafetaría da parroquia. Tamén se pode xantar e mesmo alugar algunhas estancias da casa para xuntanzas, festas e celebracións.

A mediados dos anos 80 a festa parroquial trasládase do Torreiro da Igrexa ao Monte da Miñoteira, onde primeiro se constrúe o palco da festa e, pouco a pouco, se vai construíndo a casa cultural.

A festa parroquial celébrase arredor do 11 de novembro, día de San Martiño, e ten como eixo central o tradicional magosto¹⁰. Tradicional porque é moi anterior ao culto ao santo, considerándose que é unha festa de orixe celta. Anterior, polo tanto, á chegada dos romanos, que foron os que estenderon o cultivo do castiñeiro en todo o imperio.



Asado de castañas durante o magosto.

A castaña era o alimento base antes da chegada da pataca e do millo de América (no século XVI). A castaña consumíase verde, seca e relábase para facer fariña. Tamén se consumía crúa, asada ou cocida. A festa do magosto celebraba a súa colleita, entre finais de outubro e principios de novembro. Coincidía esta celebración co Día dos defuntos, onde se lles deixaban castañas asadas e lume aceso para que puidesen volver cear coa familia. En certos lugares de Galiza no día de Defuntos íase aos cemiterios con colares de zonchos (castañas asadas) que se comían mentras se recordaban os seres queridos.

⁹ Para saber máis, recomendo a lectura do Libro da Festa de San Martiño do ano 2005.

¹⁰ A etimoloxía desta palabra é incerta, mais apúntase a un MAGNUS USTOS (gran lume) ou MAGNUM USTUM (lume máxico).

O lume é outro dos elementos fundamentais da festa do magosto. Un lume grande no que se asan as castañas que logo serán consumidas pola veciñanza, acompañadas de viño novo. Así se celebrou o magosto en Ventosela durante séculos: recollendo viño polas casas e asando castañas que logo son ofrecidas aos asistentes á festa. E así se segue celebrando, aínda hoxe en día. Malia que xa non se recolle viño (xa poucas casas da parroquia o elaboran) e as castañas mércanse.

Porén, houbo unha repoboación de castiñeiros na parte baixa da Miñoiteira hai anos. E hai proxectada unha ampliación da mesma, así como outra plantación na zona do Outeiro da Marta.



Neno xogando ao trompo.

Nos anos 80 a Asociación Cultural e Deportiva da Miñotería e a Comisión de Festas animaban unhas celebracións onde se exaltaban varios xogos tradicionais e, como máis destacado, o xogo do trompo.

“Polo San Martiño, trompos ao camiño”.

O formato era o de competicións, con diversas categorías, que poñían de manifesto distintas artes e habilidades: a de tirar o trompo e conseguir que bailase durante moito tempo, ou que tivese unha arrincada longa ao rematar, ou que un trompo batese noutro até chegar mesmo a fendelo (xogar a escachar), ou que o lanzador fose capaz de collelo do chan en movemento e que este lle seguise bailando na palma da man. Tamén se premiaban o trompo máis grande e o máis pequeno, sempre e cando bailasen, animando a veciñanza a elaboración de verdadeiras obras de artesanía popular.

Logo de anos sen facerse, a última vez que houbo exhibición do baile do trompo foi no Magosto do ano 2021 (o primeiro despois da pandemia).

Para O Montaña vid. MOUTIÑO, en Castiñeira.

Mosqueiro, O

No Dicionario de dicionarios atopamos dúas definicións para esta palabra: (1) por unha banda está a de lugar onde abundan as moscas mais, (2) o pai Sarmiento, dá tamén a definición de “*Pajarito azul todo, menor que carriza, que gatea por los árboles*”. No primeiro caso, o máis probable, sería un derivado da palabra mosca, en latín MŪS-CA, co sufixo abundancial -eiros (< latín -arius) e (3) Obxecto para

espantar as moscas. Cabeza Quiles tamén apunta a posibilidade de que o lugar así chamado fose fundado ou habitado por unha familia apelidada Mosqueiro ou Mosqueira.

O **Mosqueiro** son os terreos que quedan entre Fontecova e as Veigas de Abaixo.

Moucheiro, O

Lugar onde hai moitos mouchos. O moucho (*Athene noctua*) é unha rapaz nocturna que se pode ver e sentir ao pór do sol. O nome provén do latín NOCTUOLU. Vive nas fragas, ruínas abandonadas, nos muros das igrexas e, na cultura tradicional galega, non é ave de bo agoiro.

O **Moucheiro** sitúase entre O Regueiriño e A Cotacha, na zona máis alta e próxima xa a Castiñeira.



Muíño grande da Velasca.

Muíños da Velasca, Os

Velasca é un nome de familia: as fillas de Velasco, o moi común Velascus, da Idade Media. Este nome deu Vasco en portugués, Velázquez en castelán e Vázquez en galego. Velasco sería pois un resto dese antigo nome medieval, que hoxe en día aínda se conserva na parroquia, como alcume.

Os muíños da Velasca chámanse así por seren dous muíños (un máis grande e outro máis pequeno) propiedade ambos de Ramona, A Velasca, que traballou neles toda a súa vida (até mediados dos anos 60). Logo quedou o seu fillo, José o Velasco, ao cargo. Os muíños estiveron en activo até comezos dos anos 70 (1973). A partir de entón, pasaron a mans dun dos netos, que vive no Viso, e que llos vendeu a un comprador de Vigo.

Hoxe en día están en ruínas, ambos, así coma a zona que os acolle, e na que tamén se atopa a poza do Muíño, na zona máis alta Eido de Arriba.

O seu estado de deterioro fixo que perderan o precioso cano da levada da auga que os caracterizaba. Non así o forno, que acolle un dos muíños e que, segundo nos contan, facía que non só moesen o gran, senón que se puidera levar o pan feito para a casa: todo un adianto de siña Ramona, que era pois, non só muíneira senón tamén panadeira.



Forno no interior do muíño grande da Velasca.

Os muíños podían ser de herdeiros (propiedade colectiva de varias familias) ou de maquía (de propiedade individual), onde o dono ou dona cobraban o seu traballo, a maquía: esta podía ser en cartos (o menos frecuente) ou, o máis habitual, en especies (en gran). O muíño do Regueiro e os Muíños da Velasca eran muíños de maquía, propiedade de Xoaquín Nogueira Couñago, o primeiro, e de Ramona Couñago Lusquiños, os segundos. Os muíños do Río do Muíño (ou Muíños da Ponte) eran de herdeiros.

Patelas, As

No Dicionario de dicionarios aparece a forma patelas como sinónimo de *pateño*: pequeno terreo a prado. E, aínda que hoxe en día unha patela é a cesta tradicionalmente empregada para o transporte do peixe, xusta-



Poza da Patela.

mente por ser tamén baixa, e un *patelo* é un caranguexo ruín, como nada relaciona estas acepcións co noso topónimo, aceptamos a primeira acepción, a dun pequeno terreo a prado, como a máis probable.

Patelo, en masculino, tamén é o nome común do *Ranunculus repens*: planta da familia das ranunculáceas, de follas escuras divididas en tres ou cinco lobos e flores amarelas, que florece de abril a xuño en lugares húmidos e sombrizos.

As **Patelas** son unha ampla zona que vai desde o Eixoán até a Veiga do Eido. No *Amillaramento* atopamos tamén o topónimo de **Patela de Guillermino** (A), hoxe non localizado. E no lugar tamén temos as **Pozas das Patelas**, que son dúas: unha máis arriba e outra máis abaixo.

Pino Manso, O

Como di Ivan Sestay, os pinos mansos son moi pouco abundantes entre nós, por iso a presenza dun só exemplar illado, como é o caso



Pino Manso, no Eido de Arriba.

deste, na zona máis alta do Eido de Arriba, é suficiente para dar lugar a un topónimo de seu. Trátase do PINUS PINEA, unha árbore que chama a atención pola mansedume e suavidade das súas agullas. O nome é unha castelanización da súa forma patrimonial galega: *piñeiro*, que tamén é un topónimo presente na parroquia.

Pedreira, A (Vid. Pedra, en Castiñeira)

Pomar / Pumar

Un pomar é un lugar onde hai moitas maceiras. Tamén é un lugar onde hai árbores froiteiras en xeral. Derivado de Pomar (lat. POMA-RIU, “pomme” en francés) é a versión máis fechada Pumar.

Xa falei máis arriba da abundancia de pomares no *Amillaramento*. Entre as variedades de mazás que máis abundan na parroquia están a Camoesa, a Reineta, a Tabardilla parda e branca, a de Cristal (brancas e grandes), a Pé de Pomba (grandes e riscadas), as De Casca de Papel (amarelas e coa pel fina), as de San Xoán, as de San Pedro, as Tres en cunca (pequenotas), as mazás de pepita (as pebidas soábanlles no interior), as De Inverno e os Repinaldos: os agres (amarelos longos) e os Repinaldos Señoritos, doces e carnosas (Vid. Fotografía en REPINALDOS, en Castiñeira).

O Pomar é na parte de arriba da Barronqueira.



Poza das Toxeiras.

Poza / Pozo (Vid. Poza, en Castiñeira)

En Vilar do Mato temos, desde a zona máis alta á máis baixa, as seguintes pozas e pozos: a **Poza do Curuto**, a **Poza da Fonte Alta**, o **Pozo** e a **Poza de Regasobreiro**, onde nace un manancial de auga que

verte nos seguintes pozos e pozas: **Pozo da Patela**, **Pozo do Eixoán** e **Poza da Patela**, que encara co manancial que vén da Mellora, Da Veiga do Eido e xunta co Pexegueiro, **A Poza Caramboleira** ou **Poza do Muíño** (arriba, onda a fonte, colle a auga que nace alí e vai para o muíño), **As Pozas das Toxeiras**, **O Pozo** e **Poza Garrido** (antes da das Toxeiras, nace alí a auga), **O Pozo do Regueiriño**, **A Poza da Herbadíñeira**, a **Poza da Fontecova**, **A Poza do Campo** e **A Poza do Eido de Abaixo**.

Presas, As

É o nome da zona máis baixa de Vilar do Mato, na estrema con Cesantes pola zona da Pantalla. Evidentemente se se chama así é



Poza do Eido de Abaixo.



Pozo Rabelo.

porque nalgún momento houbo presas (construcións feitas nunha corrente de auga, consistente nun muro que detén a auga para acumulala) no regato que por alí descende. Mais hoxe en día non quedan restos delas, nin as acordan os veciños do lugar, aínda que si hai unha poza na zona: a **Poza do Eido de Abaixo**.

Rabeleiro / Rabelo / Do Rabicho (A: labradío)

Rabeleiro e Do Rabicho son variantes de *rabelo* (Pozo Rabelo, en Castiñeira) e de rabo, apéndice posterior do corpo de certos animais e, por extensión, terreos estreitos e alongados que recorden a esa forma. No Dicionario de dicionarios tamén aparece a definición de *rabeleiro* como “Esquínal, pedazo de finca”.

Rabeleiro é a zona que queda por embaixo do Eido de Arriba. **O Pozo Rabelo** queda na zona de Roufes e, efectivamente, ten forma de rabo. Non temos localizado o topónimo **Do Rabicho**, hoxe en día.

Rasteiro (Vid. Rasteiro, en Castiñeira)

Regasobreiro

Este topónimo posiblemente virá dun Rego do Sobreiro. En calquera caso, fai referencia á existencia de sobreiros (ou sobreiras) nas intermediacións. Segundo a RAG, unha sobreira é unha árbore da familia das cupulíferas, de folla perenne co bordo espiñento, tronco curto e madeira dura, á que se lle tira a casca, chamada cortiza, que se emprega para diversos usos industriais e que, tradicionalmente, se usaba para facer os corticeiros para as abellas.

Regasobreiro localízase no monte do Eido de Arriba.

Regueiriño, O

O **Regueiriño** é un topónimo transparente, que fai referencia a un fluxo de auga pequeno, e que dá nome á parte de Vilar do Mato pola que transcorre, e que vai desde o Eido de Garrido até A Herbadíneira. Nel atópase o **Pozo do Regueiriño**.

Sangra (A: prado) (Vid. Eido da Sangra)

A **Sangra** son as terras que se atopan entre o Eido María, a Da Banda e as Presas.

San Martiño / Laxes de San Martiño

San Martiño é un topónimo formado sobre este santo, que é patrón da parroquia.



Detalle da fachada da Igrexa.

San Martiño era un soldado romano ao que se lle apareceu Xesús en forma de mendigo. A bondade de Martiño fíxolle compartir a súa capa co necesitado, sendo elevado despois, polo seu acto caritativo, á categoría de santo.

O santo ao que está consagrada a nosa parroquia é San Martiño de Tours, bispo francés. Este San Martiño era un home con poderes sobrenaturais, amigo de Prisciliano, o bispo galego ao que lle encargaron a cristianización do territorio da Gallaecia romana alá polo século IV. Como Prisciliano se entendeu ben cos señores locais, e puxo en práctica aquí un eficaz sincretismo entre a doutrina cristiá e o panteísmo (adoración á terra) precedente, foi cuestionado polo Papa e levado a xuízo en Trier (Alemaña). De camiño, pediulle ao seu amigo Martiño que o acompañase e que falase na súa defensa, e así o fixo.

Mais Martiño tivo que marchar antes de que rematase o xuízo. E cando saía da cidade tivo a visión do seu amigo Prisciliano decapitado. Din que volveu e que, efectivamente o topou xa axusticiado, o que provocou nel unha conmoción tan grande que nunca máis puido obrar un milagre. Tamén se di que os outros acompañantes de Prisciliano trouxeron o seu

corpo de volta a Galiza, no que sería a primeira peregrinaxe (por terra e mar) desde centroeuropea até aquí. E mesmo hai quen di que o corpo que se atopa soterrado na Catedral de Santiago non é o do apóstolo Santiago o menor, senón o do bispo Prisciliano, que si estivo entre nós e gozou de grande aprecio e popularidade.

Na igrexa parroquial de Ventosela hai dúas imaxes deste santo: unha no interior, de xeso, coa imaxe de San Martiño a cabalo e outra na fachada exterior, de pedra, representándoo como o bispo de Tours que foi. Esta segunda imaxe, do San Martiño bispo, por veces xera confusión con outro San Martiño, o de Dumio.¹¹

San Martiño de Dumio, que viviu no séc. VI na zona de Braga (Dumio é unha vila que queda ás aforas desta cidade, hoxe portuguesa, daquela capital do reino suevo) e considérase que foi o que converteu os suevos ao cristianismo.

Di a lenda que o fillo do rei Carriarico enfermou de lepra, e o rei mandou vir reliquias de San Martiño de Tours e o neno sandou. Isto fixo que o rei e todo o reino se convertesen á fe cristiá, e que elevasen a San Martiño a patrón do reino. Se cadra isto explica o elevado número de parroquias e vilas galegas a este santo consagradas. Alén da coincidencia da súa festividade (o 11 de novembro) coa moito máis antiga tradición do magosto.

San Martiño de Dumio foi o home letrado máis importante do seu tempo. Participou no I Concilio de Braga, no que se chamaba a loitar contra os restos do priscilianismo, tan presentes aínda entre a poboación da Gallaecia, que era independente da igrexa de Roma. Prisciliano iniciara un movemento de renovación na igrexa católica baseado no ascetismo, o talante libertario (oposto á opulencia da xerarquía eclesiástica), favorable a nomear laicos como “mestres” e á presenza de mulleres nas xuntanzas.

Mais Martiño de Dumio pasou á historia, sobre todo, por ter escrito o primeiro catecismo: *De correctione rusticorum*. Esta obra daba pautas para a correcta cristianización duns suevos que mantiñan aínda moi vivos costumes ancestrais. O detalle destes costumes constitúe o primeiro tratado de antropoloxía cultural galega. Entre os que chamaba a erradicar estaban o costume de venerar as pedras, as árbores, as fontes e as encrucilladas, observar as calendas, botar no lume a ofrenda sobre un toco ou poñer viño e pan nas fontes; das mulleres di que encantaban as herbas. A el tamén lle debemos o chamar aos días da semana por feiras en vez do nome dos santos romanos. Tamén vén de ser publicado o seu texto: *Como levar unha vida honesta: consellos de Martiño de Dumio a Miro, rei de Galicia* (Consello da Cultura Galega, 2023).

Tamén conta Avelino que a actual igrexa é obra do arquitecto Manoel Solla, que gañou o concurso para a súa construción por un prezo de 33.350 réas,

11 Na fachada da igrexa tamén atopamos o escudo de armas da familia Prego de Montaos, Troncoso de Lira e Soutomaior. As mesmas armas que se mostran na Igrexa de Reboreda, segundo nos informa Avelino Bouzón no artigo sobre a historia da parroquia publicado no Libro da Festa do ano 2005, ao que xa me referín.

tendo que aproveitar a pedra, a madeira e a tella da capela vella. A obra comezo en 1800. E que a igrexa, “orientada ao nacente, amosa planta rectangular con esmerada e nobre cantería. A fachada presenta as ornamentacións peculiares do estilo barroco compostelano: frontón curvo e partido, ventá rematada en concha de vieira e flanqueada por volutas en disposición vertical. (...) O espazo interior está formado por unha única nave con muros de perpiaños uniformes, bóveda de medio canón e arcos faixóns rematados en mérsulas; todo de pedra coidadosamente traballada. Hai que subliñar os dous retablos laterais de granito: o da Nosa Señora das Dores e o da Inmaculada, que aínda que son pequenos e sinxelos, non deixan de sorprenden pola súa orixinalidade”.

Para o topónimo **Laxes de San Martiño** Vid. LAXE.

Sobreiro (Vid. Regasobreiro)

O **Sobreiro** queda na zona alta do Eido de Arriba.

Toxeiras, As

As **Toxeiras** é un topónimo transparente que refire á presenza de toxo na zona.

As **Toxeiras** é o nome que reciben os terreos, no Eido de Arriba, arredor da Poza e fonte do mesmo nome.

Valsalgueiro, A

Este topónimo é curioso, xa que os nosos informantes enúncian en feminino, aínda que Val, en galego, hoxe en día, é masculino (Vid. VALES, en Castiñeira). O topónimo é unha clase de Val de Salgueiro, indicando un val (“depresión do terreo entre montañas, pola que flúe ou fluíu un curso de auga”, segundo o dicionario RAG) abundante nesta árbore.

A **Valsalgueiro** son os terreos que quedan na Fonte Alta, entre o depósito de auga de Vilar do Mato e as Pedras Agudas. Nesa zona atópase a Poza do Curuto.

Veiga do Eido (Vid. Veiga, en Castiñeira)

O topónimo **Veiga** é moi recorrente na microtoponimia de Vilar do Mato. Así temos a **Veiga do Eido**, entre o Eido de Arriba e Loureiros. A **Veiga de Arriba**, que queda na estrema con Cesantes, pola zona da Costa ou as **Veigas de Abaixo**, entre as Veigas de Arriba e As Presas.

As veigas eran, por contraste coas folgadas, os terreos que se labraban e nos que se plantaban as patacas ou o millo. Os máis grandes eran veigas e as máis pequenas, leiras. O cultivo da pataca é o que máis vivo se mantén aínda, malia que perde terreo ano a ano. Ao prezo ao que se atopan as patacas da Limia, por exemplo, no mercado, as veciñas estiman que non paga a pena o traballo de plantalas, sachalas, sulfatalas (ou ocuparse de sacarllas os escaravellos), escavalas, transportalas e almacenalas en condicións durante meses. Evidentemente, se o ano é bo, tense unha fartura dun dos alimentos que máis fixo medrar a poboación galega desde a súa traída de América. Somos un pobo de comedores de patacas. E este segue sendo un alimento central da nosa gastronomía. Mais si: tamén está cedendo terreo a outros alimentos que se atopan máis a man no supermercado (pasta e arroz, maiormente) e que non cómpre nin pelar.

O traballo do millo é máis laborioso aínda ca o da pataca, o que xustifica que o seu cultivo baixe ano tras ano tamén, ao non se usar a súa fariña xa para o alimento humano (ou non como se usou outrora) e ao non teren xa as familias animais que alimentar con el tampouco. Nos anos 80 todas as familias da parroquia tiñan dúas vacas, mínimo. As de máis capital: tres. Cumpría unha parella de vacas para levar o carro. E, se se podía, unha máis, de repostito. Por se algunha estaba parida, ou ferida. Hoxe en día, cóntanse cos dedos das mans, e sobran, as vacas da parroquia. E tamén é doado mirar vales enteiros, nos que outrora lucían os guerreiros milleiros no verán, de terra folgada.

As patacas plántanse en dúas quendas: as do cedo a finais de decembro e as do tarde no mes de marzo. O ciclo da pataca, onda nós, dura tres meses aproximadamente. Desta maneira, as do cedo, se o ano vén bo, poden estarse comendo xa no mes de marzo. E as do tarde, no mes de xuño.

O labradío do millo arranca no mes de abril. Previamente hai que arrincar o abono (esterco) da corte e levalo e estendelo no terreo. Desde hai décadas lábrase co tractor. Mais boa parte das casas aínda conservan os arados de ferro e as sementadoras de tracción animal que se usaron até os anos 80. Algúns até conservan os carros. Lamentablemente, o Concello de Redondela non conta cun museo etnográfico onde se conserven estes instrumentais, e onde as novas xeracións vexan como traballaban os seus devanceiros e devanceiras, polo que, fóra de conservacións particulares, este é un legado chamado a desaparecer.

Unha vez labrado o terreo, sementábase. Normalmente co gran reservado da colleita anterior. O máis habitual era sementar ás cabadelas: un vai diante facendo buratos co legón e outro detrás bota os grans (dous ou tres por cabadela) e tápaos. O habitual é que nunhas semanas xa comecen a nacer. E, con eles, os traballos dos labregos. O primeiro, preservar eses pequenos gromos dos depredadores: os paxaros os primeiros. Se comen moitos, tocará replantar. A canda o millo tamén se sementan feixóns e calacús.

Tanto de feixóns como de calacús houbo tradicionalmente moita variedade, xa que se daban ben e eran un complemento importante da alimentación. Na miña casa a feixoada é a comida que segue ao caldo (como nós lle chamamos ao cocido), xa que aproveita boa parte das talladas,

só que cociñadas con feixóns, chourizas (na nosa variante dialectal son femininas) e prebes varios. No meu recordo había feixóns pintos de moi distintas variedades. E logo estaban os brancos, os do caldo. Hoxe en día, esta variedade mingouou considerablemente.

Tamén mingouou a variedade de cabazas, quedando só as rebaquetas, máis redondas e doces (máis *Halloween*), que colleron o nome dos calacús (máis alongados e brancos), que xa non se acordan. Estes eran astrinxentes, polo que só se usaban para o consumo animal. As outras son máis doces, polo que se usan para cremas e chulas, moi aprezadas pola festa de Defuntos, polo San Mariño, San Román, e demais festas do outono.

Cando o millo medre máis, tocará mondalo (rarealo) e sachalo. Sacarlle a millán ou as herbas do mar que lle medran a carón, garante que medre máis saudable. E xa cando estea botando a espiga, tocará regar. O millo quere auga. Moita auga. Ou ficará cativo. As regas precísanse nos meses de máis calor: xullo e agosto. Regar e arrendar a herba da semente entre os milleiros (cuxa folla corta!) son dos traballos máis ingratos do campo.

A recollida das espigas faise en setembro. Previamente sacáronse as pendóns ao millo (que se aproveitaban para o gando). As espigas lévanse para o eido onde se esfollarán (sacarlle o follato á espiga) durante días, dando lugar a encontros veciñais que, outrora, eran moi ben aproveitados: unha das tradicións das esfolladas era ter que bicar ao mozo/a que che gustase se atopabas unha raíña ou rei (espiga moura).

*As esfolladas de agosto
non dan ganancia a ninguén
mandei a muller a elas
e esfolláronma tamén*



Meda de palla con calacús.

Unha vez as espigas listas bóntanse no canastro, onde se conservarán e se irán usando ao longo de todo o ano. Os canastros son outro dos nosos sinais de identidade colectiva. Verdadeiras obras de enxeñaría ao servizo da conservación do alimento máis primario, o gran, salvagardándoo do seu principal inimigo: a humidade, a chuvia, os ratos. Os canastros son tan metafóricos do agro galego que David Rodríguez tomounos como símbolo da actual decadencia do sistema agrario tradicional, por colapso, na súa obra *O canastro sen tornarratos: resistencia popular na era do capitalismo sen democracia. Unha ollada galega* (Ed. Xerais, 2018).

Nas leiras, a palla que quedase dispoñíase en medas, que se situaban nas beiras do terreo, para non entorpeceren o resto de labores nel, e que garantían unha conservación tamén deste alimento durante meses. Esta palla, ademais de forraxe, axudaba a estrar as cortes, complementando o toxo.

Viñas, As

Viña procede do latín VĪNĒA, que é o nome que recibe a planta da vide ou videira. Tamén se denomina así o terreo no que está cultivada. O viño é unha bebida consumida polos galaicos desde a Idade do ferro, aínda que o seu cultivo se estendeu, grazas aos mosteiros, a partir da Idade Media.

As **Viñas** quedan entre o Moucheiro e o Regueiriño.

A viña era un plantío moi común en Ventosela, que tradicionalmente se colocaba rodeando as terras de cultivo. Mais curiosamente non abundan os furanchos entre nós. Ou non tanto como noutras parroquias de Redondela. O último que tivemos foi xustamente aquí, en Vilar do Mato, na zona de Fontecova. Mais ollo, que non haxa furanchos na parroquia non quere dicir que non se beba o viño de Ventosela nos furanchos de Reboreda ou do Viso, aos que lles venden algúns veciños e veciñas o excedente de viño.

As cepas de viña máis cultivadas na parroquia son: no que respecta ao viño branco, as variedades alvariño, alvariñón (con uva máis grande), godello, cereixadura, loureiro, catalán, xerez e americano branco; e con respecto ao viño tinto, caíño longo, tintafemia, gran negro, alicante, jaca, americano tinto e barrantes.

Hoxe en día, a moda é cortar as viñas. É o que toca, despois de ter vendido as vacas (hai anos). E o traballo do viño ben dá para entender esta opción: porque desde que se poda (no mes de novembro) até que se vendima (en setembro), é un non parar de traballo e gastos.

Despois da poda toca apañar as vidas, queimalas e atar a viña (arranxando barrotes se fixese falta). Previamente houbo que preparar os vimbios para atar (apañalos, fendelos e remollalos). E preparar as canas (ou os barrotes) para arranxar a viña: apañalas, pelalas e cortalas á medida. Chegado este punto cómpre sinalar que a inmensa maioría das nosas viñas son de parra, mais non moi alta.

Unha vez a viña podada e atada cómpre esperar a que gome, para comezar co sulfatado: unha man cada 15 días, desde o mes de maio até o mes de agosto. Primeiro sulfato químico e despois de pedra.

Ao mesmo tempo que se sulfata, compre esfollar a viña. Isto é: ir sacando ladróns e follas, para que a saiba chegue ao froito, e para que este madure o mellor posíbel. Unha vez iso conseguido, chega o momento da vendima. Desde hai anos xa se usan máis cubas e barrís de plástico ou

metal ca de madeira. E tamén se usa máis a tronzadora, para triturar os cangallos de uva, ca o pisón e a media lúa tradicionais. Tampouco se usa xa a prensa.

Unha vez o viño nas cubas, cómpre deixalo ferver uns días, compre separar o bagazo (co que se fará a augardente) do viño, e meter este nos barrís, nos que se almacenará até que cumpra tresegalo (movelo para que non apouente e se volva acedo), por volta de marzo.

Como se pode ler, un traballo inxente para un viño que, en xeral, non ofrece unha calidade alta: o viño pode que non, a augardente si. De aí, como digo, que se entenda o progresivo abandono e a final corta das viñas que, entre outras cousas, está alterando a paisaxe que, desde hai séculos, ofrecían os nosos campos.

Vilar do Mato

O nome de **Vilar do Mato**, o outro barrio da parroquia, é un nome composto de Vilar (lugar habitado, Vid. VILAR, en Castiñeira) + Mato. Un *mato* é un terreo inculto cheo de plantas agrestes ou o conxunto destas plantas. *Mato* é unha palabra preindoeuropea e, polo tanto, moi antiga. Anterior á forma latina “silva”, para este mesmo significado de “terreo silvestre, a monte”. Dalgunha maneira, pois, neste topónimo hai unha contradición: xa que un Vilar é un terreno acoutado para o traballo e un Mato é un terreo inculto e agreste. A súa conxunción supón un reto: o de domear unha terra agreste e difícil. Mais un reto claramente conseguido na nosa parroquia.

Topónimos de Vilar do Mato sen localizar

A continuación, indicamos unha serie de topónimos atopados no *Amillamento de 1948-49*, situados como de Vilar do Mato, mais que hoxe en día xa non nos foi posíbel localizar. Se alguén soubese deles, agradecemos que nolo fagan saber:

Barbados (A: prado, viña e monte) / Barbadas (A: viña)

Segundo o dicionario RAG, unha das acepcións de *barbados* é a de planta ou árbore que botou raíces. No Dicionario de dicionarios, Leandro Carré define *barbado* como “Bacelo bravo procedente de plantón, o sea con raicillas”. No dicionario Estraviz amplíase a definición de barbado aos corticeiros que teñen as abellas pousadas por fóra. E tamén, como derivado de barbar: un terreo barbado é un terreo rozado de maleza ou mato.

Carreira dos Lobos (A)

Este topónimo é unha revelación antropolóxica, pola información sobre un tempo pasado que nos ofrece. Como topónimo resulta transparente: sinala o lugar polo que adoitan correr os lobos. Mais tamén informa dos lobos como uns máis na parroquia, aos que se lles saben os andares. Todas

as vellas e vellos do lugar (individuos de máis de 80 anos) miraron lobos na súa infancia. Mais non encararon tantos como estes poboan os seus imaxinarios. Ou sexa, os lobos eran xa vellos coñecidos, e os seus andares e andanzas eran motivo de conto e canto, chegasen logo eles a enfrontar un realmente ou non.

Hoxe en día non hai lobos en moitos quilómetros á redonda. O máis salvaxe que podemos atopar no monte, ademais de nós mesmos, son coellos, xabaríns, algún corzo e algún cabalo do monte que, sobre todo tras os incendios ou as secas, vagan e baixan na procura de alimento.

Cereixán (A: labradío)

Cereixán é un alcume dunha familia de Vilar do Mato. En Castiñeira tamén temos o topónimo **Os Carballos da Cereixana**, propiedade da mesma familia.

Codorneiros (A: labradío)

Este topónimo pode referir á existencia de *Coturnix Coturnix*, codorna, codorniz ou pasallás: ave da familia dos fasiánidos, de cor acastañada cunha mancha branca e moura na gorxa a xeito de colar no macho, e de cor máis apagada con pencas escuras no peito e sen colar na femia.

Corteso (A: monte)

No dicionario Estraviz atopamos a seguinte definición de corteço: (1) Anaco, troço de pão. (2) Espécie de bacía de cortiça em que se faz a coada da roupa algures. (3) Cortiço.

Do Pisco (A: toxal)

Pisco é o nome dun paxaro da familia dos túrdidos, de cor olivácea nas partes superiores, testa, fazulas, gorxa, papo e peito rubios e ventre abrancazado. Tamén coñecido como *paporrubio*. Pisco tamén é un apodo dunha familia da parroquia, polo que este terreo, non localizado, seguramente fose propiedade desa familia.

Escampados (A: toxal)

Este topónimo é unha variante de descampado, terreo extenso e sen árbores, nin matos nin vivendas. Non puidemos localizar, hoxe en

día, este topónimo na parroquia. Aínda que a palabra segue viva para referirse, efectivamente, a terreos limpos, sen vexetación.

Farbuxa (A: monte)

Non sabemos nada deste topónimo, nin o temos localizado hoxe en día.

Folgada Grande (A) / Folgada Pequena (A) / Folgada da Ponte (A: toxal) / Folgada dos Tobos (A: toxal)

Segundo o dicionario da RAG unha folgada é un terreo de cultivo que se deixa en descanso durante certo tempo. Mais na zona de Rondela unha folgada é tamén, maioremente, un terreo húmido ou de regadío destinado á herba de pasto. Normalmente son terreos de menor tamaño. Segundo diversos autores, Folgada deriva do latín *FILICATA* “lugar onde medran os *FILICTUS* (fentos)”.

A respecto dos topónimos derivados, gustaríamos comentar a **Folgada dos Tobos**, indicando que un *tobo* é a cova da raposa, dos coellos ou doutros animais que crían e se resgardan baixo terra.

Non puidemos localizar, hoxe en día, estes topónimos concretos na parroquia. Mais o substantivo folgada está plenamente vivo, acompañando a outros moitos terreos.

Gicha (A: viñado) / Lugar da Gicha (A: monte)

Aínda que apareza así grafada no *Amillaramento*, probablemente por mor da gheada, este topónimo debera escribirse *Guicha*. Como tal, no Dicionario de dicionarios aparecen as definición de “porción pequena de terreo” ou de “traballar só pola comida”. Non puidemos constatar ningunha destas acepcións entre a veciñanza, mais si a de *guicha* como persoa espilida. É a expresión de “ser da orella guicha”, moi empregada aínda hoxe, para referirse a aquelas persoas cunha especial intelixencia. Tamén temos o uso de *ghicho* e *ghicha* (ambos con gheada) como sinónimos de individuo/a.

Maltés (A: labradío)

Segundo o dicionario Estraviz, un *maltés* é un gato de cor cinzenta. Non puidemos localizar, hoxe en día, este topónimo na parroquia.

Mós da Roca (A: monte)



Mó do muíño pequeno da Velasca.

Mós é o plural de *mó* (lat. MOLA), que no galego normativo dá *moa*. Mó é como se lle chama no sur de Galicia e en Portugal á pedra do muíño, a que xira e tritura o gran. Con respecto á toponimia, adoita referirse a elevacións no terreo.

Mouriño (A: toxal) / Mouro (A: labradío)

Mouro, do latín MAURU, é alguén ou algo moreno, de cor escura. Na mitoloxía popular, os mouros e mouras tamén eran os habitantes dos castros ou dos lugares altos.

Neguerre (A: viñado)

No Dicionario de dicionarios atopamos un *negueroujo*, como adxectivo para referirse aos nenos en sentido afectivo. A falta doutra explicación, Neguerre podería derivar dese Neguerouxo.

Pigarneira (A: labradío)

A palabra máis próxima que atopamos é o de *pigarro*, no dicionario Estraviz, co significado de “gairo” (paxaro) e “estadulho do carro”. No Dicionario de dicionarios atopamos, como nos indica Gonzalo Navaza na toponimia de Reboreda (onde aparece un *Pigarreiro*, do que este noso topónimo podería derivar), a definición de pigarado como algo pego, “xaspeado de pintas”. Así temos *milllo pigarado*, ou de *pígara*, para referirse a unha galiña xaspeada, coas plumas semellantes ás dunha perdiz

Piñeiros, Dos (A)

Do latín vulgar *PINARIU. Nome dunha das árbores (*Pinus pinaster*) máis abundantes na parroquia e en Galiza, onde data de hai máis de 4.000 anos. En Ventosela, a súa presenza acelerouse coas plantacións franquistas dos anos 40 e 50, que combinaban a variedade de pino do país, o *Pinus pinaster*, cunha traída de Norteamérica que presentaba un crecemento algo máis rápido, o *Pinus radiata*.

Pisipico (A: toxal)

Non sabemos nada deste topónimo, nin o temos localizado hoxe en día.

Pousada (A: toxal) / Pousos (A) / Pousal (A)

Do latín PAUSARE, unha *pousada*, un pousou ou un pousal remiten a un descanso. Estas pousadas eran imprescindibles cando se cargaban pesos ao lombo, que obrigaban, despois de subir unha costa, por exemplo, a facer un alto, pousar a carga un momento e coller forzas para seguir o camiño.

Aínda que en tempos parece que foi un topónimo moi común (xa que conta con tres concorrencias), hoxe en día só fica na memoria parroquial o Eido das Pousadas, en Fontecova, Vilar do Mato.

No caso do topónimo *Pousos*, tamén podería facer referencia aos restos que deixan os líquidos no fondo dun recipiente. Sedimentos.

Rabuña (A: labradío)

No Dicionario de dicionarios, así como no Estraviz, atopamos a definición de *rabuña* como un gromo dunha planta que se mete na terra para que naza outra.

Rapadiño (A: labradío)

Diminutivo de *rapado*, do verbo *rapar* (do gótico *hrapon): cortado a rente. Sería, polo tanto, un terreo pelado, sen vexetación.

Roupeiro (A: labradío)

Segundo Anxo Rodríguez, na *Toponimia de Comesaña*, Roupeiro provén do nome RAUPARIUS. De orixe xermánica, este nome medieval está

composto pola mesma forma que deu lugar a *roupa*, máis -arius. Roupeiro é un apelido moi común na alta Idade Media, que hoxe en día aínda se conserva entre nós. Este topónimo faría referencia ao apelido do propietario/a.

Torreiro (A: monte)

Segundo o Dicionario de dicionarios, un *torreiro* é un lugar de reunión, normalmente situado arredor das igrexas, onde tamén de facía a festa. Mais tamén pode ser un terreo sen cultivar, baldío ou un resío. En Vilar do Mato, Do Torreiro é un alcume, da familia que vivía no alto do Eido de Arriba, nunha zona descampada que, efectivamente, respondería á descrición de Torreiro.

Isto mesmo acontece tamén con Siña Dolores, da Curuta, cuxo eido, por embaixo da Igrexa, se cadra nalgún momento foi a casa máis alta da parroquia, e de aí o sobrenome.

Ventura (A: labradío)

Do latín VENTURA, a *ventura* é a boa ou mala sorte, mais tamén é o risco.

Por parecernos de interese cultural, copio a seguir uns refráns sobre a ventura recollidos por Eladio Rodríguez no Dicionario de dicionarios:

“A boa ventura nunca moito dura. A boa ventura pouco dura; a mala, tarde se acaba. A millor ventura é a do que a precura. A ventura corre máis que o cabalo i a mula. Cando a ventura chega a unha casa, botala fora é parvada. Cando é máis grande a ventura é menos segura. Ninguén chega a ver a ventura que quer. Ninguén pode saber a ventura que ha ter. Ó que ventura lle falta sóbralle a vida. Quen mala ventura tèn, nona vai botar á porta de ninguén. Se a ventura é moita, hastra as augas se trocan en troitas. Ten ás veces máis ventura o que menos a precura. Ventura che dea Dios, que o saber pouco che abonda. Da Dios ventura a quen a precura”.

Vergas (A: toxal) / San Martiño das Vergas (A)

Segundo o dicionario Estraviz, unha verga é unha (1) Vara delgada e muito flexível. (2) Ramo verde, em especial o do castanheiro ou do carvalho que se emprega para fazer cestos. Tamén pode ser unha atadura de palla ou de coiro.

Entre nós, unha *verga* é a que se fai para atar un feixe de herba, por exemplo. E, para ese uso, pódese facer unha verga de vimbio, de rama de calacú, de salgueiro, dunha punta de viña...

Aínda que non temos localizado este topónimo, o feito de que apareza tamén como San Martiño das Vergas pode indicarnos que se atopa na zona alta da parroquia, coñecida como San Martiño.

Vuiñón (A: monte)

Do latín BUDINU, no Estraviz atopamos a palabra *buiño* (con B, mais xa explicamos que a alternancia de B e V é moi común nestes textos administrativos): “Planta monocotiledónea da familia das salicáceas. / Vara dessa planta que se utiliza em cestaria e outros labores que requirem a sua flexibilidade”. Sinónimo de vimbio.

Xourón (A: monte)

O máis parecido a este topónimo que atopamos foi, no Estraviz, a voz *xoura*: “Vento intenso, caloroso e húmido do sul, que normalmente traz água e que, quando cessa, deixa chuvas”.

Zagueiro (A)

No Dicionario de dicionarios atopamos esta palabra definida como o que vai atrás, á zaga, na retagarda.

Alcumes da parroquia

A seguir indicamos os alcumes máis coñecidos da parroquia. Dubidamos se incluílos ou non, por se a alguén lle puidesen resultar ofensivos, mais non é esa a nosa intención en absoluto. Só nos interesan desde un punto de vista lingüístico: pola relación que algúns presentan con relación á toponimia que nos ocupa, e como testemuño dun tempo pasado. Cos seus usos e costumes. Non todos conservables.

E, para dar exemplo, comezo polo da miña familia: Os Tareixos. Descendentes dunha Tareixa que se perde na memoria familiar. Tareixa eu, pois. Aínda que a xente me chama polo meu nome, Olga. Ao non haber moitas na parroquia non dá lugar a moita confusión. E, se o dese, enseguida se completa: Olga, a de Martina. Martina, a de siño Adolfo, Adolfo o Tareixo. E así...

Hoxe en día o trato por alcumes está en desuso. Mais houbo un tempo no que os alcumes eran inapelables, e o que máis conviña era lidar con eles con humor. Como fixo Maruxa A Chepa, cando estaba facendo unha meda, e pasou Celso, O Chuvia, e lle dixo:

-Maruxa, mira que a meda ten Chepa!

Ao que ela retrucou:

-Non importa. O caso é que non meta a Chuvia.

E riron. Eran veciños e levábanse ben. Vacilábanse para manteren a retranca viva. A retranca, ese ben tan necesario para a supervivencia do oprimido.

Moitos dos alcumes adquiríanse, por exemplo, ao ir vivir a un Eido así coñecido (é o caso das Rabiosas), ou casar con alguén co alcume máis marcado: o propio Chuvia non era Chuvia de solteiro, só o foi ao casar.

Segundo a antropóloga Elena Freire, para que un alcume asente cómpre o seguinte proceso: que sexa aceptado pola comunidade (non abonda con que alguén lle poña un alcume a outro, cómpre que a comunidade tamén o acepte) e que o alcumado o asuma. Ou sexa, que sexa quen de lle dar a volta (no caso de que non sexa moi amable de entrada) e reverter o seu sentido. Isto, por veces, só acontece nas segundas xeracións. E, se non acontecese, o intento de alcume morrería de seu.

Somos conscientes da existencia de máis alcumes ca os que aquí indicamos. Aquí só recollemos os que consideramos aceptados pola comunidade e asumidos polas familias. E indicámoslos por orde alfabética, mesturando os de Castiñeira e os de Vilar do Mato. Como dixemos, non nos interesa sinalar, só documentar:

As Barrileiras, O Bicho, Canivau, Os Caporros, As Caldeiras, As Carulas, A Cascarola, O Cateliño, As Cereixanas, As Chaspeas, A Chepa, As Chivas, As Couñagas, A Curuta, O Cuvica, As da Souta, Os da Taberna, Os do Bezo, As do Gallego, As do Vento, As Ferreiras, Os Lavanicas, A Maranca, A Mariqueta, Os Melros, Os Nencos, A Pandela, Os Patachos, Os Perrenchos, O Piloto, A Pinta, O Pisco, As Pousadas, As Rabiosas, As Raposas, O Rato, As Rinchas, Os Tareixos, A Tembleca, As Torreiras e Os Velascos.

Agradecementos

O meu agradecemento a Martina, a Eladio e a Ramona, polo seu tempo e a súa memoria viva. Mais en especial a miña nai Martina. Sen ela nada tería sido posíbel. E a Jose, Román e Omara, pola paciencia e o acompañamento.

Grazas a Xosé Lois Vilar e ao Instituto de Estudos Miñoráns, pola espita e o ánimo constantes. E ao Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Redondela, e ao Concello de Redondela, pola axuda e pola publicación.

Grazas tamén a Suso, a Clemente e Concha, a Paco, a Mario e Gloria, a Maricarme e Ramón, a Bea e Yago, a Belén, a Antía e Maricarme, a tío Manolo, a María, a Milagros, a Susana, a Sandra e Avelino, a Carlos, a Susana, Teruca e Tonio, a Javi, a Silvio, a madriña e Luís, a Ana, a Chicha, a Marisé, a Raquel e a todos os veciños e veciñas de Ventosela que me axudaron a completar esta toponimia. A todos os que me atopei polos camiños e me atenderon. Aos que me abriron as portas das súas casas. A todas e todos eles, grazas!

Se algún topónimo non vai ben ou quedou polo camiño, non dubidedes en facermo saber. Ou en completalo vós directamente na web de Galicia Nomeada, onde subimos e seguiremos subindo os topónimos da parroquia que vaiamos localizando.

“Cómpralle a quen herdou e non lle compres a quen comprou”.

A gardemos que, se tiveramos que venderlle o noso a alguén (Deus non o queira e o capitalismo non o permita), saibamos darlle o valor que merece, e que é incalculable. Porque nós imos envoltas na terra que pisamos, e deberamos ter a fortaleza e a intelixencia de cuidala para as que veñen atrás.

Para eles/as foi feito este breve e incompleto traballo. Coma quen tece unha ponte entre as que foron e as que serán. As que gardaron esta memoria inmensa para nós e as que terán que decidir que facer con ela no futuro. Coa memoria, coa terra, coa toponimia, coa lingua... Tanto as que están como as que non están na parroquia, por estaren emigradas traballando en Madrid, en Barcelona, nas Illas Canarias ou en Bruxelas. Se algún día quixesen ter man do capital que herdarán, e se daquela este traballo as axudase a localizalo e nomealo (xa non digo a lle ter o respecto e o amor que merece), daríamos por ben empregado o tempo e o traballo nel investido.

Mais tamén pensamos na xente de fóra que viñeron e seguen vindo vivir canda nós. En axudarlles, se cadra, a mellor entender(nos) para poder mellor atender(nos).

**Que a nosa maior herdanza sexa,
desde o coñecemento e o respecto,
o amor.**

Topónimos de Ventosela, ordenados alfabeticamente

A

Abeleiras.....	21
Agrelas, As	21, 79
Alargo.....	80
Alargo do Río	
Alargo do Muíño	
Almas, As	21
Alto da Ponte.....	22
Alto de San Martiño	22

B

Balaído.....	22
Barbados / Barbadas.....	105
Barcelo, O.....	22
Barreira / Barreiro / Barreiros / Barroso.....	73
Barriño Blanco.....	73
Barroncas, As	22, 80
Barroqueiro	
Barronqueiro	
Barronqueira	

Bazoca, A.....	23
Belurica, A.....	23
Bouces.....	23
Bouza da Marca.....	75
Bouza da Mosca.....	24
Braña.....	75

C

Cabaleiro.....	75
Cabeceira de Vilar.....	25
Cachada / Cachadiña.....	25
Cachopeira.....	80
Calleu / De Calleu / Decalleu / A de Calleu.....	25
Calvos / Calvos, Os.....	26
Camiño.....	26, 80
Camiño de Bras	
Camiño da Cagalla	
Camiño da Catuxa	
Campo, O.....	27, 81
Campados	
Campelo	
Campo de Abaixo	
Campo de Arriba	
Cancela.....	28
Canceliños	
Canceladas	
Candela, A.....	29
Canteira.....	30
Caramboleira, A.....	81
Carballeira, A.....	30, 82
Os Carballos do Casal	
Os Carballos da Cereixana	
O Carballo de Pedro	
Carballiño / Carballiños.....	31
Caringosta, A / Quiringosta, A / Quirincosta, A.....	31
Carosa, A.....	31
Carreira dos Lobos.....	105
Cascalleira, A.....	31

Castiñeira.....	32
Carolina	76
Catuxa, A.....	82
Cavada, A.....	33
Cavadas de Abaixo, As	
Cavadas de Arriba, As	
Cavada do Coto	
Cavada de Paus	
Cavada do Pousal	
Cavada dos Pousos	
Cavada da Raposa, A	
Cavañón, O	
Cavadiña do Sobreiro	
Cavada Sousón	
Chan, A.....	34, 82
Chans, As	
Chan das Barrecas	
Chan de Requeixo, A	
Chan das Tortiñas, A	
Chan dos Vimbios, O	
Chaviñas, As.....	34
Chouso, O / Chousa de Arriba.....	34
Cereixán.....	106
Cerquido	34
Cerro Vello.....	34
Cerradas	
Cerradiño	
Cerrucho, O	
Cirqueira, A / Cerqueira, A /	35
Cerqueira do Cruceiro	
Cerqueira de Fóra	
Cerqueira dos Postes	
Cerqueira de Arriba do Pozo	
Cerqueira do Pozo	
Cerqueira Sousón	
Cocho.....	76
Codesal, O / Cudesal, O / Cu de Sal, O.....	36
Codorneiros.....	106

Colmeas, As.....	36
Corcovo.....	36
Coroza.....	76
Corral da Vella, O.....	37
Corteso.....	106
Cortiñas.....	83
Cortizas	
Costa, A /	83
Camiño da Costa	
Costa do Xil, A.....	37, 83
Cotacha, A.....	83
Cotiño, O / Cutiño, O	
Coto de Frago	
Coto do Freixo	
Coto de Graxo	
Cutiña	
Cotes, Os.....	37
Coutada, A.....	38, 83
Couto da Fraga	
Coutada da Poza	
Cova, A.....	38
Cruceiro, O.....	39
Curtizos, Os.....	83
D	
Da Banda, A.....	84
Da Roxa, As.....	39
Devesa do Abade.....	84
Devesiña	
Do Pisco.....	106
E	
Eido.....	40, 85
Eido de Abaixo	
Eido de Alá	
Eido de Arriba	
Eido de Blas	
Eido de Garrido	

Eido de María	
Eido de Mariqueta	
Eido de Pelaya	
Eido de Pilar	
Eido da Pequena	
Eido Pequeno	
Eido da Perica	
Eido Ramón	
Eido da Reina	
Eido do Rial	
Eido da Sangra	
Eido Vello	
Eido de Xan	
Eido do Xil	
Relación dalgúns eidos singulares da parroquia	41
Eido de Garrido.....	85
Poza de Garrido	
Eido María.....	86
Eixoán / Eixuán / Eidoxoán.....	86
Poza do Eixoán	
Eira Vella.....	86
Eixido.....	41
Escampados.....	106
Espiñeiro.....	41
Esquiniña, A.....	42

F

Farbuxa.....	107
Folgada Grande.....	107
Folgada Pequena	
Folgada da Ponte	
Folgada dos Tobos	
Fonte.....	42, 86
Fonte Alta	
Fonte da Caramboleira ou Fonte das Paridas	
Fonte Catuxa ou Fonte dos Tres Abades	
Fontecova	
Fontecova de Arriba	

Fontecova de Abaixo
 Fonte da Herbadiñeira
 Fonte da Lagoa do Rial
 Fonte da Meca
 Fonte da Merda
 Fonte do Pisco
 Fonte da Preguiza
 Fonte da Rachadura
 Fonte das Toxeiras
 Fonte da Vela
 Fonte do Vimbial
 Fonte de Zabarís
 Fontiña, A

G

Garouxa.....	87
Garrido	85
Ponte de Xan Garrido.....	57
Gicha / Lugar da Gicha	107
Gurgullón / Gorgullón / Gurguillón.....	43

H

Herbadiñas / Herbadiñeira.....	87
Fonte da Herbadiñeira	
Poza da Herbadiñeira	
Hortiña / Hortiñas.....	76

I

Igrexa, A.....	88
----------------	----

L

Lagoa do Rial, A / Lagoeiro, O.....	43
Laranxos, Os.....	44
Largo de Carros.....	77
Laxeal, O	89
Laxe das Abellas	
Laxes da Carosa	
Laxe do Escorregadouro	

Laxe Negra	
Laxes do Pinto	
Laxes da Raíns	
Laxes de San Martiño	
Laxeiro	
Laxiña, A.....	44
Leira.....	44
Leira Miguéns	
Leira de Roufes	
Leira de Xan Garrido	
Lombo, O.....	45
Longuiñas, As.....	46
Loureiros.....	89
Lugar.....	46
Lugar da Gicha	
Lugar do Pazo	
Lugar da Raís	
Lugar da Reina de Arriba	

M

Maltés.....	108
Meixoeiro, O.....	46
Mellora, A / Millora, A.....	90
Minada, A.....	46
Molarteiro.....	46
Monte da Costa.....	90
Monte da Miñoteira	
Montiño, O	
Mós da Roca.....	108
Mosqueiro, O.....	92
Moscalleira, A	
Moscalleira de Arriba e de Abaixo.....	47
Moucheiro, O.....	93
Mouriño / Mouro.....	108
Moutiño.....	47
Muíño do Regueiro.....	47
Muíño da Ponte e Muíño das Xastras.....	48
Muíño da Igresana e Muíño do Rachón.....	49

Muíños da Velasca.....	93
N	
Nabal, O.....	50
Negure.....	108
O	
Onde se cargan os carros.....	50
Outeiro da Marta.....	50
Outeiro da Ola	
Outiño dos Salgueiros.....	77
P	
Paradela.....	51
Paralonga, A.....	51
Pardiñeiros, Os.....	52
Patelas, As	94
Poza das Patelas	
Pazo, O.....	52
Lugar do Pazo	
Pedra, A.....	53
Pedreira, A	
Pedral do Muíño	
A Pedra das Teixugueiras	
A Pedra da Raposa	
As Pedras do Pico	
As Pedras de Cerquido	
A Pedra Que Fala.....	54
A Pedra Talló.....	56
Peizás	56
Poza de Peizás	
Pereira, A	57
Pereira dos Socialcos	
Pergas.....	77
Picoutos, Os.....	57
Pino Manso, O.....	95
Pigarneira	108
Piñeiros, Dos.....	109
Pisípico	109

Pomar / Pumar.....	95
Ponte de Xan Garrido.....	57
Porteliña, A.....	58
Porto, O.....	60
Pousada / Pousos / Pousal.....	109
Pozo / Poza.....	61, 96
Poza de Bouces	
Poza de Calleu	
Poza da Catuxa ou dos Tres Abades	
Poza do Campo	
Poza da Caramboleira ou Poza do Muíño	
Poza do Cotiño	
Poza da Coutada	
Poza do Curuto	
Poza do Eido de Abaixo	
Poza do Eixoán	
Poza de Espiñeiro	
Poza da Fonte Alta	
Pozo e Poza de Garrido	
Poza Grande	
Poza da Herbadiñeira ou Poza da Fontecova	
Pozo do Inferno	
Pozos do Lagoeiro	
Poza do Lombo	
Poza do Meixoeiro	
Poza da Pedreira	
Poza de Peizás	
Pozo e Poza das Patelas	
Poza da Porteliña	
Pozo Rabelo	
Poza da Rachadura	
Poza da Raíns	
Pozo de Regaloureiro	
Poza de Regasobreiro	
Pozas do Rego	
Pozo do Regueiriño	
Pozas do Rial	
Poza de Roufes	

Pozos das Tortiñas	
Pozas das Toxeiras	
Pozo do Verde Nabal	
Poza da Viñiña	
Pozos de Zabarís	
Pozo Negro, O.....	62
Prado	77
Presas, As.....	96
Pumariño, O	62

Q

Quiringosta.....	62
------------------	----

R

Rabeiro.....	97
Do Rabicho	
Pozo Rabelo	
Rabeta.....	77
Rabuña.....	109
Rachadura, A.....	62
Fonte da Rachadura	
Poza da Rachadura	
Racheleira Grande / Racheleira Pequena.....	77
Raíns	63
Poza da Raíns	
Rapadiño.....	109
Rasteiro.....	63, 97
Redonda.....	63
Regaloureiro.....	64
Regasobreiro.....	97
Regueiro, O.....	64
Regueiro do Porto, O	
Regueiro da Porta	
Regueiriño, O	98
Repinaldeiro	78
Requeixo.....	64
A Chan de Requeixo	
Revolta, A	64

Rial, O.....	65
Ribada.....	78
Río do Muíño.....	66
Roufes.....	67

 Leiras de Roufes

 Poza de Roufes

Roupeiro.....	109
---------------	-----

S

Salgueiral.....	67
San Lourenzo.....	67
Sangra.....	98
San Martiño.....	98
Sobreiro.....	68, 100
Souto, O.....	68

 Souto de Agrelo

T

Torneiros.....	78
Torreiro.....	110
Tortiñas, As.....	68
Toxales da Cova, Toxales do Meixoeiro... ..	68
Toxeiras, As.....	100

U

Urres.....	78
------------	----

V

Vales.....	69
Valsalgueiro.....	100
Veiga.....	69, 100

 Veiga de Abaixo

 Veiga de Arriba

 Veiga do Eido

 Veigas da Pedra

 Veiga do Pozo

 Veigas de Roufes

 Veigas de Vales

Veigas de Vilar	
Ventura.....	110
Verde Nabal, O	69
Vergas / San Martiño das Vergas.....	110
Verzas Novas.....	78
Vilar	70
Vilar dos Canos	
Vilar do Mato.....	104
Vilar do Medio	
Vilarchán	
Viñas, As	71, 103
Viñiña, A	
Viña Blanca	
Viña do Souto	
Vuiñón.....	111
X	
Xesteira, A / Xestal, O	71
Xourón	111
Z	
Zabarís.....	71
Fonte de Zabarís	
Pozos de Zabarís	
Zagueiro.....	111

Índice

• Introducción	9
• Fontes e pontes.....	15
• Topónimos de Castiñeira.....	21
• Topónimos de Castiñeira sen localizar.....	73
• Topónimos de Vilar do Mato	79
• Topónimos de Vilar do Mato sen localizar	105
• Alcumes da parroquia.....	113
• Agradecementos.....	115
• Topónimos de Ventosela, ordenados alfabeticamente.....	119

